



BASES PARA A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

DO EXERCICIO 2020



ÍNDICE

<u>CONCEPTO</u>	<u>PÁXINA</u>	<u>BASE</u>
TÍTULO I NORMAS XERAIS		
CAPÍTULO ÚNICO.- Natureza das bases e ámbito de aplicación	3	1ª a 3ª
TÍTULO II O ORZAMENTO XERAL PARA 2020 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS		
CAPÍTULO 1º Estrutura orzamentaria	4	4ª
CAPÍTULO 2º Os créditos, as previsións iniciais e a prórroga do orzamento	4	5ª a 8ª
CAPÍTULO 3º Réxime xeral dos créditos e as súas modificacións	7	9ª a 17ª
TÍTULO III EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL		
CAPÍTULO 1º Normas xerais sobre execución e liquidación	16	18ª a 29ª
CAPÍTULO 2º Normas reguladoras de determinados ingresos	33	30ª a 33ª
CAPÍTULO 3º Función fiscalizadora	34	34ª e 36ª
CAPÍTULO 4º Contabilidade	81	37ª a 39ª
CAPÍTULO 5º Tesourería provincial	84	40ª a 43ª
TÍTULO IV GASTOS DE PERSOAL		
CAPÍTULO 1º Normas xerais	86	44ª a 46ª
CAPÍTULO 2º Normas sobre persoal funcionario	88	47ª
CAPÍTULO 3º Normas sobre persoal laboral	90	48ª
CAPÍTULO 4º Normas sobre persoal eventual, contratado, interino e directivo das entidades do sector público provincial	90	49ª
CAPÍTULO 5º Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación	91	50ª
TÍTULO V SUBVENCIONS E TRANSFERENCIAS		
CAPÍTULO ÚNICO.- Normas xerais ás que deberán axustarse as subvencións e transferencias que outorgue a Deputación durante o exercicio 2020	95	51ª a 57ª
TÍTULO VI ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA		
CAPÍTULO ÚNICO.- O orzamento do Consorcio e a súa xestión	106	58ª
TÍTULO VII ORZAMENTO DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA		
CAPÍTULO ÚNICO.- O orzamento da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña e a súa xestión	109	59ª



BASES PARA A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020

TÍTULO I.- NORMAS XERAIS

CAPÍTULO ÚNICO.- NATUREZA DAS BASES E ÁMBITO DE APLICACIÓN

BASE 1ª.- NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS

A aprobación, execución e liquidación do Orzamento Xeral, así como o desenvolvemento da xestión económica e a súa fiscalización, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral, que regulan a actividade económica das corporacións locais, e polas presentes BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO, redactadas en virtude do disposto no artigo 165.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e no artigo 9.1 do Real decreto 500/1990 do 20 de abril.

BASE 2ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

De conformidade co establecido no artigo 9.1 do Real decreto 500/1990 do 20 de abril, estas bases só estarán en vigor durante a vixencia do Orzamento Xeral correspondente ao exercicio do ano 2020 e, no seu caso, durante a súa prórroga.

Resultarán de aplicación supletoria no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento e na Fundación Axencia enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

BASE 3ª.- INTERPRETACIÓN

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas bases serán resoltas por Resolución da Presidencia, logo do informe da Secretaría e da Intervención.



TÍTULO II.- O ORZAMENTO XERAL PARA 2020 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

CAPÍTULO 1º.- ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

BASE 4ª.- ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

Para a confección do Orzamento aplicáronse as estruturas por programas e económica aprobadas pola Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais modificada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo e a estrutura orgánica propia desta Corporación. Todo iso de conformidade cos criterios recollidos na Resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas comunidades autónomas e coas entidades locais, pola que se ditan medidas para o desenvolvemento da orde ministerial citada.

Os créditos incluídos no Estado de Gastos do Orzamento preséntanse co seguinte detalle:

- Clasificación orgánica, con dous niveis de desagregación.
- Clasificación por programas, con cinco niveis de desagregación: áreas de gasto, políticas de gasto, grupos de programas, programas e subprogramas.
- Clasificación económica, con cinco niveis de desagregación: capítulos, artigos, conceptos, subconceptos e partidas.

A aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, vén definida pola conxunción das tres clasificacións citadas. O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a aplicación orzamentaria antes definida.

As previsións incluídas no Estado de Ingresos do Orzamento clasifícanse por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, segundo se detalla na estrutura económica de ingresos da orde ministerial antes citada.

CAPÍTULO 2º.- OS CRÉDITOS, AS PREVISIÓNS INICIAIS E A PRÓRROGA DO ORZAMENTO

BASE 5ª.- DOCUMENTACIÓN ORZAMENTARIA

O expediente formado para a tramitación do Orzamento Xeral da Deputación provincial conterà a seguinte documentación:

- Memoria da Presidencia
- Informe da Intervención Xeral
- Informe económico-financeiro



- Estado de ingresos e gastos
- Anexo de persoal
- Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do exercicio corrente
- Anexo de investimentos
- Estado da débeda. Para o exercicio 2020 só procede recoller a débeda contraída coa Administración do Estado como consecuencia das liquidacións negativas da participación nos ingresos do Estado dos exercicios 2008 e 2009.
- Tamén se incorpora ao expediente do Orzamento provincial para o exercicio 2020 o orzamento formado polo do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Provincia da Coruña, o orzamento formado pola Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), e o estado de consolidación destes co Orzamento Xeral da Deputación Provincial e os resultados que presenta a análise individual e consolidada das magnitudes de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e sustentabilidade financeira, para dar cumprimento ao establecido na normativa de estabilidade orzamentaria e ao disposto no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Ao Orzamento Xeral da Deputación Provincial uniráselle os Orzamentos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento e da Fundación Axencia Enerxética da Provincia da Coruña (FAEPAC).

BASE 6º.- CRÉDITOS E PREVISIÓNS INICIAIS

Para a execución dos programas integrados no ESTADO DE GASTOS do Orzamento Xeral para o ano 2020 apróbanse créditos por importe de 184.016.500,00 euros, cuxo resumo por “Áreas de gasto” é o seguinte:

ÁREA DE GASTO	ORZAMENTO
1.- SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	2.597.341,57
2.- ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	37.832.015,33
3.- PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	27.337.076,26
4.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	48.493.816,61
5.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	67.756.258,23
0.- DÉBEDA PÚBLICA	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL	184.016.508,00



No ESTADO DE INGRESOS recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario e que coinciden no seu importe co ESTADO DE GASTOS, figurando ambos os dous estados nivelados, sen que poidan presentar déficit ao longo do exercicio.

BASE 7ª.- FINANCIAMENTO DOS CRÉDITOS DO ORZAMENTO XERAL

Os créditos, que ascenden a 184.016.500,00 euros, financiaranse coas previsións contidas no estado de ingresos, que presenta o seguinte resumo por capítulos:

INGRESOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	16.567.744,50
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	15.250.362,65
III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	11.814.615,46
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	139.815.177,39
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	68.600,00
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES	183.516.500,00
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	500.000,00
IX. PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	500.000,00
TOTAL ORZAMENTO	184.016.500,00

BASE 8ª.- PRÓRROGA DO ORZAMENTO XERAL

Se ao iniciar o exercicio económico do ano 2021, non entrase en vigor o Orzamento Xeral correspondente ao citado exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o do 2020 ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará os créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias e outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente fosen percibirse no devandito exercicio.



A determinación das correspondentes aplicacións orzamentarias do Orzamento Xeral de 2020, que non son susceptibles de prórroga, por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante resolución motivada da Presidencia e despois do informe de Intervención. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma establecida nos artigos 47 e 48 do Real decreto 500/1990.

Delégase na Presidencia a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do orzamento prorrogado ás previsións contempladas no proxecto de orzamento xeral pendente de aprobación.

Mentres dure a vixencia da prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias establecidas pola lei.

Aprobado o orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.

CAPÍTULO 3º.- RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

BASE 9ª.- NORMAS XERAIS

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal sexan autorizados no Orzamento Xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, polo que non se poderán adquirir compromisos de gastos en contía superior ao importe destes coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo iso de conformidade co disposto nos artigos 173.5 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e no artigo 25.2 do Decreto 500/1990 que a desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ao "nivel de vinculación xurídica" que se sinala na seguinte base.

Con cargo aos créditos do Estado de Gastos só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos, en xeral, que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. No entanto, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación.
- b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto establecido no artigo 47.5 do Real decreto 500/1990 requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.
- c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 relativas ao recoñecemento extraxudicial de créditos.



Cando as modificacións de crédito afecten a aplicacións orzamentarias asociadas a proxectos de gasto con financiamento afectado deberá acreditarse que a alteración orzamentaria é compatible cos termos do compromiso de financiamento adquirido por terceiros con esta Deputación e coas disposicións legais ou regulamentarias que regulen a utilización do recurso afectado.

BASE 10ª.- NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS

Para o exercicio 2020, o nivel de vinculación xurídica dos créditos do Orzamento Xeral será o seguinte:

a) Norma xeral:

- Clasificación orgánica: (dous díxitos)
- Clasificación por programas: política de gasto (dous díxitos)
- Clasificación económica: artigo (dous díxitos)

b) Situarase ao mesmo nivel de desagregación económica con que aparezan no estado de gastos, a vinculación xurídica dos seguintes créditos:

- Os créditos declarados ampliábles na Base 13ª das presentes Bases de Execución.
- As aplicacións orzamentarias que a continuación se indican:
 - 0710/929/120.09 Destinada á previsión por modificacións da plantilla e da relación de postos de traballo e aos incrementos que poidan derivarse da Lei de orzamentos xerais do Estado para o 2020
 - 0710/929/121.03 Destinada á valoración de postos de traballo e carreira profesional.
 - 0710/929/150.00 Recolle os créditos dedicados a produtividade por obxectivos do persoal .

c) Normas particulares:

- No capítulo VI, Investimentos reais e no capítulo I, os gastos relativos a persoal funcionario(12), e persoal laboral (13), a vinculación na clasificación económica será a nivel de capítulo (1 díxito).
 - Clasificación orgánica: (dous díxitos)
 - Clasificación por programas: política de gasto (dous díxitos)
 - Clasificación económica: capítulo (un díxito)
- Os gastos que se tramiten como “proxectos de gastos” a vinculación determinarase, no seu caso, na resolución de Presidencia na que se aprobe o proxecto. De non establecerse estarase a vinculación establecida na norma xeral.
- Os gastos relativos a outras prestacións económicas a favor de empregados a vinculación será a seguinte:
 - Clasificación orgánica: (catro díxitos)
 - Clasificación área de gasto: programa (tres díxitos)
 - Clasificación económica: concepto (tres díxitos)



BASE 11ª.- FONDO DE CONTINXENCIA.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 31 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e co fin de facer fronte a necesidades inaprazables, de carácter non discrecional, que puidesen presentarse ao longo do exercicio, inclúese unha dotación de 3.672.200,00 € coa denominación de “Fondo de continxencia de execución orzamentaria.” O fondo unicamente financiará, cando cumpra, as seguintes modificacións de crédito:

- a) Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, de conformidade co establecido nestas bases.
- b) As incorporacións de crédito, conforme ao indicado nestas bases.

Non poderá utilizarse o fondo para financiar modificacións destinadas a dar cobertura a gastos ou actuacións que deriven de decisións discrecionais da administración, que carezan de cobertura orzamentaria. No entanto, o 75% do fondo de continxencia que non se utilizou a 1 de outubro de 2020 poderase destinar a novos gastos de investimentos financeiramente sustentables vinculados aos servizos de competencia provincial ou municipal, se os obxectivos de estabilidade orzamentaria o permiten e nas condicións que se establezan na normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A aplicación do FONDO DE CONTINXENCIA proporao a Presidencia previamente á autorización das respectivas modificacións de crédito e a aprobación destas corresponderalle, en todo caso, ao Pleno.

BASE 12ª.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do Orzamento Xeral ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora da facendas locais, artigos 35 a 38 do Decreto 500/1990 do 20 de abril e ás contempladas nesta base. En todo caso, deberán tomarse en consideración as normas estatais aplicables para dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto, sustentabilidade financeira e período medio de pago a provedores.

Cando se deba realizar algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado no orzamento da Corporación, a Presidencia ordenará a tramitación dos seguintes expedientes:

- a) De concesión de crédito extraordinario
- b) De suplemento de crédito

Estes expedientes poderanse financiar:

- Con cargo ao remanente líquido de tesourería
- Con novos ingresos non previstos
- Con maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento.
- Con recursos procedentes de operacións de crédito para os gastos de investimento.



- Mediante baixas dos créditos de aplicacións orzamentarias de gastos non comprometidos, sempre que se estimen reducibles sen perturbación do servizo ou mediante baixa nos créditos do fondo de continxencia, cando concorran as circunstancias que xustifiquen a súa utilización de acordo coas normas de xeral aplicación e conforme co disposto nas presentes bases.

Tamén se considerarán recursos dispoñibles para o financiamento de modificacións de crédito durante o exercicio 2020 os procedentes das entregas a conta da cesión de recadación de impostos do Estado e da participación no fondo complementario de financiamento que sexan superiores aos establecidos no estado de ingresos por eses conceptos. Para iso ratearanse a todo o exercicio orzamentario os importes ingresados a 31 de agosto de 2020, unha vez coñecido o resultado da liquidación definitiva da participación en ingresos do estado do exercicio 2018 dos distintos conceptos citados e sempre que os restantes conceptos de ingresos se produzan con normalidade.

Tramitación dos expedientes:

O expediente incoarase a instancia das unidades administrativas que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos, por orde da Presidencia ou do deputado/a encargado da área correspondente.

Á proposta acompañarase unha memoria xustificativa da necesidade de efectuar os gastos, da imposibilidade de demorar a execución a posteriores exercicios e da inexistencia ou insuficiencia de crédito no nivel no que estea establecida a vinculación xurídica.

- Informe da Intervención e ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior.
- Aprobación inicial polo Pleno da Deputación provincial.
- Exposición pública do expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.
- Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de presentárense reclamacións, noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
- Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.
- Simultaneamente ao envío do anuncio de publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

BASE 13ª.- CRÉDITOS AMPLIABLES.

Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito, todo iso de conformidade co disposto no artigo 39.1 do Decreto 500/1990, do 20 de abril.

As aplicacións orzamentarias do orzamento xeral de gastos que a continuación se relacionan teñen a consideración de ampliables:



APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITOS INICIAIS	DETALLE	RECURSOS AFECTADOS (Concepto de ingresos)	CONCEPTO	PREVISIÓN INICIAL
0310/93233/225.02	140.000,00	Tributos das entidades locais. Recadación	171.00	Recarga provincial no IAE	3.777.000,00

Se durante o exercicio se producise a necesidade de declarar ampliábles determinadas aplicacións orzamentarias, iso efectuaríase mediante a modificación das presentes bases de execución e en concreto, incluíndo na presente base décimo terceira as citadas aplicacións orzamentarias co recurso afectado que corresponda.

Se a devandita inclusión se produce cos criterios anteriormente expostos, o procedemento para a tramitación e aprobación dos expedientes será o seguinte:

1º.- Os expedientes tramitaraos a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos desta Deputación provincial, a proposta das Unidades que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas, e neles especificaranse os medios ou recursos que financian o maior gasto, acreditándose, en todo caso, o recoñecemento en firme dos dereitos que financien o crédito que se pretenda ampliar e que os citados dereitos supoñan maiores recursos sobre os previstos nos respectivos conceptos orzamentarios, puntos que deberán ser acreditados pola Unidade de Contabilidade.

2º.- A aprobación dos expedientes de ampliación de créditos, logo do informe previo da Intervención, corresponderalle á Presidencia da Deputación.

BASE 14ª.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO.

As transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

- Non afectarán os créditos ampliábles nin os extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- Non poderán minorarse, mediante transferencia, os créditos que sexan incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando a transferencia afecte integramente a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos cerrados.
- Non se incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, sexan obxecto de minoración, salvo cando a transferencia afecte integramente a créditos de persoal.
- Non afectarán os créditos orzados en concepto de fondo de continxencia.

As anteriores limitacións non afectarán as transferencias de crédito que se refiran aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.



Os expedientes de transferencias de crédito tramitaraos a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos desta Deputación provincial, a proposta das unidades que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas, acreditando, en todo caso, mediante a oportuna memoria, a necesidade e inaprazabilidade dos gastos que se pretendan financiar, así como a non perturbación do correspondente servizo como consecuencia das reducións propostas.

A aprobación dos expedientes de transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto corresponderalle ao Pleno da Deputación provincial salvo cando afecte a créditos de persoal, e cuxa dispoñibilidade non este condicionada polas presentes Bases de Execución. Na tramitación destes expedientes serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación do Orzamento Xeral, así como o réxime de recursos contencioso-administrativos contra os citados orzamentos.

A aprobación dos demais expedientes de transferencias de crédito, corresponderalle á Presidencia da Deputación.

Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica.

BASE 15ª.- XERACIÓN DE CRÉDITOS.

Poderán xerar crédito no estado de gastos do Orzamento Xeral os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

- a) Achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa Deputación provincial, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nas súas fins e obxectivos.
- b) Alleamentos de bens da Deputación provincial non contempladas nas previsións iniciais do orzamento.

En ambos os dous supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito, que se dea o acto formal do compromiso firme de achega ou do recoñecemento do dereito.

- c) Prestación de servizos.
- d) Reembolsos de préstamos.
- e) Os importes procedentes de reintegros de pagos indebidos con cargo ao orzamento corrente, en canto a reposición do crédito na correspondente partida orzamentaria.

Nos dous supostos anteriores o crédito xerarase no momento do recoñecemento do dereito, aínda que a dispoñibilidade dos devanditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos.

Así mesmo, o responsable xestor do gasto que corresponda avaliará se o crédito dispoñible nas correspondentes aplicacións orzamentarias do estado de gastos é suficiente para financiar o incremento dos gastos necesarios para o desenvolvemento das novas actividades que se derivan do novo compromiso de ingreso, nese caso non será necesaria a xeración de crédito e considerarase como maior ingreso.



Os expedientes de xeración de créditos tramitaraos a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, correspondéndolle a súa aprobación á Presidencia da Deputación, logo do informe previo da Intervención no que deixe constancia de:

- a) A correlación entre o ingreso e o crédito xerado.
- b) Os conceptos de ingresos onde se produciu un ingreso ou compromiso non previsto no orzamento inicial ou que exceda da súa previsión inicial e a súa contía.
- c) As aplicacións orzamentarias do estado de gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

BASE 16ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO DO EJERCICIO ANTERIOR.

Os remanentes de crédito estarán formados polos seguintes compoñentes:

- a) Os saldos de disposicións ou diferenza entre gastos dispostos ou comprometidos e obrigas recoñecidas.
- b) Os saldos de autorizacións ou diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- c) Os saldos de retidos ou diferenza entre os gastos retidos e os gastos autorizados.
- d) Os saldos de crédito ou suma de créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de autorizar.

Os remanentes de crédito, para os efectos da súa posible incorporación ao exercicio seguinte, poderán atoparse nas seguintes situacións:

- a) Remanentes de crédito non incorporables.
En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se liquida, salvo aqueles que estivesen financiados con recursos afectados
- b) Remanentes de crédito de incorporación voluntaria.
Poderán ser incorporados aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte, os remanentes de crédito non utilizados procedentes de:
 - 1.- Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que sexan concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio.
 - 2.- Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos do exercicio anterior, a que se fai referencia no artigo 26.2,b) do Real decreto 500/1990.
 - 3.- Créditos por operacións de capital.
 - 4.- Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.



c) Remanentes de crédito de incorporación obrigatoria.

Os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ao exercicio seguinte, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto ou que se faga imposible a súa realización.

A incorporación dos remanentes de crédito detallados nos parágrafos anteriores quedará subordinada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Os remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a súa concesión e autorización e poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e quedarán subordinados á existencia de suficientes recursos financeiros.
- En relación cos créditos que amparen compromisos de gastos do exercicio anterior, os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e deberán contar con suficientes recursos financeiros.
- Aos créditos financiados con recursos afectados non lle serán de aplicación as regras de limitación no número de exercicios, aínda que deberán contar con suficientes recursos financeiros.

Para os efectos de incorporación de remanentes de crédito consideraranse recursos financeiros:

- a) O remanente líquido de tesourería.
- b) Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento.
- c) Baixa no fondo de continxencia conforme ao previsto na base 11^a.

No caso de incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado consideraranse recursos financeiros suficientes:

- a) En primeiro lugar os excesos de financiamento e os compromisos firmes de achega afectados aos remanentes que se pretende incorporar.
- b) Na súa falta, os recursos mencionados no parágrafo anterior.

As propostas de incorporación de remanentes tramitaraos a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos desta Deputación provincial e terán en conta as seguintes prioridades:

- 1º.- Os recursos financeiros dispoñibles aplicaranse en primeiro termo á incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gastos financiados con ingresos afectados.
- 2º.- O exceso, se o houber, destinarase a financiar a incorporación de remanentes de crédito que amparen disposicións ou compromisos de gasto de exercicios anteriores.
- 3º.- Os recursos financeiros que resulten tras as incorporacións expostas aplicaranse á incorporación dos restantes remanentes de crédito de carácter voluntario.

A aprobación dos citados expedientes, logo do informe previo da Intervención Xeral, corresponderalle, en todo caso, á Presidencia da Deputación.



No caso de que se produzan alteracións na codificación das clasificacións orgánica, por programas ou económica, con respecto ao orzamento anterior, a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, logo do informe previo de Contabilidade e Intervención, deberá actualizar, segundo as novas codificacións, os créditos incorporados.

BASE 17ª.- BAIXAS POR ANULACIÓN.

Poderá darse de "baixa por anulación" calquera crédito do orzamento de gastos ata a contía correspondente ao saldo de crédito sempre que a dita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo, excepto o asignado ao fondo de continxencia que se rexerá polo establecido na base 11ª.

Poderán ser orixe dunha baixa de créditos:

- a) O financiamento de remanentes de tesourería negativos
- b) O financiamento de créditos extraordinarios e suplementos de crédito
- c) A execución doutros acordos do Pleno desta entidade local

Para a tramitación dos expedientes de "baixa por anulación" observaranse os seguintes requisitos:

- Iniciación do expediente pola Presidencia ou polo Pleno
- Informe do órgano interventor
- Ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior.

Corresponderalle ao Pleno da Deputación a aprobación das baixas por anulación dos créditos incluídos no Orzamento Xeral.



TÍTULO III.- EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL

CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN

BASE 18ª.- FASES NA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS

A xestión dos créditos incluídos no estado de gastos do Orzamento Xeral da Deputación provincial realizarase nas seguintes fases:

- a) Autorización do gasto.
- b) Disposición ou compromiso do gasto.
- c) Recoñecemento e liquidación da obriga.
- d) Ordenación do pago.

As devanditas fases terán o carácter e contido definido nos artigos 54 a 61 do R.D. 500/1990.

Con carácter previo procederase á retención do crédito correspondente.

BASE 19ª.- ACUMULACIÓN DE FASES

1.- De conformidade co disposto no artigo 184.2 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e nos artigos 67 e 68 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo.

Poderanse presentar, por tanto, as seguintes fases:

- Retención do crédito, que constituirá, en todo caso, un acto independente (RC).
- Autorización - disposición (AD).
- Autorización - disposición - recoñecemento da obriga (ADO).



O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as ditas fases se acordasen en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada, para acordar todas e cada unha das fases que naquel se inclúan.

2.- Cando para a realización dun gasto, se coñeza a súa contía exacta e o nome do perceptor, poderanse acumular as fases de autorización e disposición tramitándose a través do procedemento abreviado "AD".

Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gasto:

- Nómina persoal funcionario e laboral fixo.
- Contratos e subvencións anticipadas ou de vixencia plurianual respecto da anualidade orzamentaria e contratos menores.
- Gastos de tracto sucesivo cuxo importe é previamente coñecido: arrendamentos, contratos de prestación de servizos, etc.
- Gastos financeiros, xuros e cotas de amortización de préstamos, cuxo importe sexa coñecido previamente ao recoñecemento da obriga.
- Subvencións nominativas correntes e de capital.

3.- Os gastos que polas súas características requiran axilidade na súa tramitación ou aqueles nos que a esixibilidade da obriga poida ser inmediata e a condición de que non estean suxeitos ao proceso de contratación, poderán acumular as fases de autorización, disposición e recoñecemento da obriga tramitándose o documento contable "ADO". Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gastos:

- Anticipos de pagas ao persoal funcionario e laboral.
- Outros gastos de acción social
- Asistencia a tribunais de oposicións e órganos colexiados e axudas de custe por comisións de servizo.
- Nómina de deputados e deputadas e persoal laboral temporal.
- Gastos orzamentarios, consecuencia de fondos librados co carácter de "a xustificar" ou como "anticipos de caixa fixa".
- Gastos de tracto sucesivo tales como subministración de auga, teléfono, enerxía eléctrica, estadias de acollidos/as en centros alleos e outros cuxo importe se concreta coa facturación periódica
- Todos aqueles gastos do capítulo II e do capítulo VI, no seu caso, da clasificación económica do orzamento, que teñan o carácter de "contratos menores" e non requiran dos trámites previstos na base 28ª por razón da súa contía.
- Todos aqueles gastos financeiros que debido ás súas características, non pode coñecerse o seu importe previamente ao recoñecemento da obriga (xuros variables, etc.)
- Subvencións e plans provinciais prepagables.



BASE 20ª.- RETENCIONES DE CRÉDITOS

Dentro do importe dos créditos autorizados no Orzamento Xeral, corresponderá á Intervención Xeral a retención de créditos en base ás propostas de gastos ou de modificacións de crédito que efectúen as correspondentes Unidades Xestoras.

Se os ingresos liquidados polas entregas a conta e pola liquidación definitiva do exercicio 2018, pola cesión de recadación de impostos do Estado e da participación no fondo complementario de financiamento, fosen inferiores, a 31 de agosto de 2020, aos previstos no estado de ingresos por eses conceptos, reteranse créditos nas partidas de gastos non comprometidos que determine a Presidencia da Corporación, logo do informe previo da Intervención Xeral, polo importe que resulte de elevar a cómputo anual esa diferenza negativa. No texto explicativo dos documentos contables correspondentes farase referencia a esta base. Da actuación citada darase conta ao Pleno da Corporación e, se fose necesario, formará parte do Plan económico financeiro a que se refiren os artigos 21, 23 e 24 da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

BASE 21ª.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS

Con cargo aos créditos do estado de gastos do Orzamento Xeral da Deputación, a autorización e disposición destas corresponderá aos seguintes órganos:

Ao Pleno da Corporación, ou á Xunta de Goberno nos supostos de delegación:

- 1) Gastos de carácter plurianual, cando a súa duración sexa superior a 4 anos, cando sendo inferior o importe acumulado de todas as súas anualidades supere os 6.010.121,00 euros ou cando se excepcionen os límites establecidos no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais.
- 2) As contratacións e concesións de todo tipo cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, e, en todo caso, 6.010.121,00 euros.
- 3) O recoñecemento extraxudicial de créditos, sen prexuízo do previsto no último parágrafo da base 22ª.
- 4) Os gastos relativos a plans provinciais.
- 5) O concerto de operacións de crédito, a longo prazo sempre que superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e as de tesourería que excedan os límites establecidos no artigo 33.2.K) da LRBRL.
- 6) Aqueloutros gastos derivados do exercicio da súa competencia.

Á Presidencia da Deputación provincial, excepto no caso de delegación expresa na Xunta de Goberno:

- 1) Gastos de persoal conforme as normas que os regulen.



- 2) Compra de bens correntes e servizos dentro dos límites da súa competencia.
- 3) Xuros, amortizacións, comisións e outros gastos financeiros derivados da débeda provincial.
- 4) Subvencións, previo cumprimento das normas que regulan a súa concesión e nas condicións establecidas no título V das presentes bases de execución
- 5) Contratos de obras, servizos e subministracións cuxa competencia non estea atribuída ao Pleno da Deputación provincial.
- 6) Apertura e cancelación de operacións de tesourería, dentro dos límites establecidos no artigo 33.2.k) da LRBRL
- 7) A concertación das operacións de crédito a longo prazo que non superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.
- 8) Aqueles gastos plurianuais que non estean reservados ao Pleno da Corporación.
- 9) Aqueloutros gastos derivados do exercicio da súa competencia.

Os documentos contables relativos á autorización e disposición de gastos de competencia da Presidencia da Deputación entenderanse debidamente acreditados mediante a indicación naqueles do número da resolución aprobatoria da execución do gasto ou copia adxunta desta. Naqueles supostos en que a autorización ou disposición de gastos sexa competencia do Pleno corporativo recollerase nos documentos contables a referencia ao número de acordo e data da sesión en que se adoptou ou mediante a incorporación dunha certificación do acordo plenario expedida pola Secretaría Xeral

BASE 22ª.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

O recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderalle á Presidencia da Deputación ou deputado/a en quen delegue.

A través de Resolución da Presidencia ditaranse as normas que regulen o procedemento de tramitación das facturas recibidas na Deputación.

O rexistro contable de facturas da Deputación Provincial da Coruña é único e é xestionado polo Servizo de Contabilidade adscrito á Intervención provincial, ao que corresponde a función contable de conformidade co establecido na normativa local estatal básica.

Todos os provedores que entregaran bens ou prestaran servizos á Deputación, deberán expedir e remitir factura electrónica en formato *facturae*, sexa cal for o seu importe, coa única salvidade para aqueles que no estean obrigados a facelo en virtude do disposto no art. 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro.

O punto xeral de entrada de facturas electrónicas con formato *Facturae*, dirixidas á Deputación Provincial da Coruña, é o configurado na plataforma electrónica "FACE: Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Función Pública (Resolución da Presidencia da Deputación núm. 11.523, do 18 de xuño de 2014).



Os provedores que non tendo a obrigaón de presentar factura electrónica de conformidade co art.4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, renuncien á presentación en formato *facturae*, estarán obrigados a presentalas a través de medios electrónicos sempre que encaixen nas distintas tipoloxías de suxeitos regulados no art.14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Co obxecto de favorecer a presentación das facturas por medios electrónicos (formato *facturae* e outros), a Deputación incluírá na súa páxina web un apartado para tal efecto, coas instrucións precisas para xerar este tipo de documentos. Ademais das instrucións habilitaranse os enlaces correspondentes á plataforma FACe e ao rexistro telemático desta institución.

En calquera caso, todos os provedores deberán presentar as súas facturas identificando os órganos da administración a cal se dirixen segundo as distintas relacións entre Órgano decisorio - Unidade contable - Unidade tramitadora que figuren operativas na plataforma FACe ao devandito efecto (<https://face.gob.es/es/directorio/administraciones/L02000015/relaciones>)

Para dar cumprimento ao establecido no apartado anterior e na normativa de aplicación, procede:

a) Que no prego de cláusulas administrativas, no cadro de características do contrato ou na Resolución de adxudicación nos contratos menores, se recolla a identificación do órgano decisorio, da Unidade Contable e da Unidade Tramitadora que proceda, co código DIR3 correspondente.

b) Que as unidades xestoras comuniquen aos provedores non obrigados a facturar electronicamente ou non sometidos a contrato, os códigos DIR3 que se han incluír na factura segundo cada caso particular.

Sobre a base da información do rexistro contable de facturas, a Deputación provincial, proporcionará información sobre o estado das facturas aos provedores a través do respectivo punto xeral de entrada FACe. Os estados que obrigatoriamente se comunicarán, serán como mínimo, os seguintes: se a factura foi rexistrada no rexistro contable de facturas, se foi contabilizada a obriga recoñecida, se foi pagada, anulada e/ou rexeitada.

Os provedores que non teñan a obriga de presentar as súas facturas en formato *facturae* poderán dirixirse ao Servizo de Contabilidade da Deputación, a través da conta de correo electrónico "factura.electronica@dacoruna.gal", para coñecer o seu estado.

Para a tramitación electrónica das subvencións aplicaranse as normas, criterios e trámites que se establezan a través das bases xerais e específicas de cada convocatoria.

Cando a comprobación do investimento precise de coñecementos técnicos, esta farase por medio de certificación expedida polo técnico provincial correspondente. Tales certificacións terán o valor atribuído á dilixencia de conformidade á factura correspondente verificada conforme as condicións técnicas que serviron de base para a adxudicación.

O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderalle ao Pleno provincial. Cando no expediente tramitado para o efecto se acredite a existencia de crédito dispoñible nas aplicacións orzamentarias de aplicación, dentro do seu nivel de vinculación, para facer fronte ás obrigas derivadas de tal recoñecemento extraxudicial, delégase na Presidencia o acto material da súa aprobación, todo iso de conformidade co establecido no artigo 60 en relación co 26.2.c) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril. O expediente oportuno será obxecto do informe previo da Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, a quen lle corresponderá a tramitación destes expedientes, e da Intervención.



BASE 23ª.- ORDENACIÓN DE PAGOS

A ordenación de pagos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderalle á Presidencia da Deputación provincial ou deputado/a en quen delegue. As ordes de pago deberán acomodarse ao plan de disposición de fondos que estableza a Presidencia, tendo prioridade, en todo caso, os gastos de persoal e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

O pago material xustificarao a Tesourería mediante o "recibín" do perceptor ou a orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola entidade financeira ou a través do sistema que acredite fielmente a súa efectiva realización por medio dos procedementos “banca electrónica” que se determinen por resolución da Presidencia.

En consecuencia verificarase que se cumpren os seguintes requisitos:

- 1.- Que a orde de pago se dita por un órgano competente.
- 2.- Que a orde de pago se axusta ao acto de recoñecemento da obriga, unha vez verificados os documentos orixinais ou a certificación do citado acto.
- 3.- Que a orde de pago se acomoda ao plan de disposición de fondos, unha vez verificados o propio plan de disposición de fondos e o informe que ao respecto emita la tesourería da entidade.
- 4.-Ao tratarse de supostos nos que existen retencións xudiciais ou compensacións de débedas do acredor, que se acreditan as correspondentes minoracións no pago mediante os acordos que as dispoñen.

E para a materialización do pago comprobarase:

- 1.- Que a realización do pago se dita por un órgano competente.
- 2.- Que a identidade do perceptor é a correcta.
- 3.- Que a contía do pago corresponde ao importe debidamente recoñecido.

BASE 24ª.- XUSTIFICACIÓN DAS ORDES DE PAGO.

Non poderán expedirse ordes de pago sen que previamente se acredite documentalmente perante o órgano competente para recoñecer obrigas, a realización da prestación ou o dereito do acredor e todo iso, de conformidade coas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.



BASE 25ª.- ORDES DE PAGO A XUSTIFICAR.

Non se poderán expedir ordes de pago sen a debida xustificación da obriga a que esta se refira. No entanto, con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pago "a xustificar", nese caso deberán axustarse ás seguintes normas:

1ª) A expedición e execución das ordes de pago "a xustificar", deberá efectuarse logo da aprobación previa polo órgano competente da autorización e disposición do gasto, achegándose informes sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pago e sobre a motivación do importe dos fondos cuxo libramento anticipado se solicitase, e logo do informe previo da Intervención respecto diso.

2ª) Os fondos librados a xustificar poderán situarse, ao dispor da persoa autorizada, nunha conta restrinxida aberta para o efecto nunha entidade financeira ou na caixa de pagos. O importe total a librar mediante pagos "a xustificar" a un mesmo perceptor e por un mesmo concepto non poderá exceder de 6.010 euros, excepto nos pagos derivados de expropiacións, nese caso o devandito importe máximo amplíase ata o total das valoracións periciais contidas no expediente expropiatorio.

3ª) Os conceptos orzamentarios susceptibles de libramentos de fondos co carácter de "a xustificar", limítanse aos contidos no capítulo II da clasificación económica do orzamento de gastos e a aqueles outros do capítulo VI que se relacionan:

- a) Subministracións menores, sempre que non requiran trámite contractual ningún por razón da súa contía, de acordo coa lexislación aplicable. E de conformidade co establecido na base 28ª.
- b) Pago das taxacións establecidas pola administración provincial en relación con expedientes de expropiación. Neste caso o mandamento de pago a xustificar librarase á Tesourería provincial, e o seu importe ingresarase na conta bancaria establecida para tal fin.
- c) Adquisicións de fondos bibliográficos de ocasión ou outros con destino á Biblioteca provincial, sempre que non requiran trámite contractual ningún e non superior aos importes establecidos na base 28ª.
- d) Adquisición de bens inmoables, mediante o procedemento de expropiación forzosa.

4ª) A xustificación da ordes de pago expedidas co carácter de "a xustificar" deberá efectuarse no prazo de 3 meses desde a súa expedición e, en todo caso, antes de que finalice o exercicio orzamentario.

5ª) Os perceptores de fondos librados "a xustificar" deberán render, perante a Intervención, conta xustificativa dos devanditos gastos acompañando facturas e documentos que a xustifiquen. A citada conta coa súa documentación e o informe da Intervención someterase á aprobación do ordenador de pagos. Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ao reintegro dos percibidos en exceso, acompañando á dita conta o xustificante do ingreso efectuado.

De non renderse a conta nos prazos establecidos nesta base, instruirase expediente de alcance contra o perceptor dos devanditos fondos, de conformidade co disposto para o efecto na Lei orzamentaria. De igual modo se procederá contra os perceptores de fondos librados "a xustificar" polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.



6ª) Para o seu seguimento contable estarase ao disposto nas normas e criterios contidos na Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro).

Só en circunstancias excepcionais, debidamente motivadas, se poderán librar novos importes con este carácter se os pendentes de xustificar están dentro do prazo de xustificación.

7ª) Cando se trate de atencións de carácter periódico ou repetitivo terán o carácter de anticipos de caixa fixa.

8ª) Para a aprobación da conta xustificativa comprobarase:

- a. Que corresponden a gastos concretos e determinados na execución dos cales se seguiu o procedemento aplicable en cada caso.
- b. Que se axustan a finalidade pola que se libraron os fondos.
- c. Que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos.
- d. Que o pago se realizou a un acredor determinado polo importe debido.

BASE 26ª.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA.

Os fondos librados "a xustificar" co carácter de anticipos de caixa fixa regularanse polas seguintes normas:

1ª) Ámbito

O réxime de anticipos de caixa fixa poderá aplicarse nos seguintes centros, establecementos provinciais ou servizos provinciais:

- Residencia Calvo Sotelo
- IES Calvo Sotelo
- IES Puga Ramón
- Imprenta provincial
- Parque Móbil
- Servizo de Recadación
- Fogar Infantil Emilio Romy
- Centro de Día de Menores de Ferrol
- Biblioteca provincial



- Servizo de Patrimonio e Contratación
- Conservatorio Profesional de Danza
- Pazo de Mariñán
- Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos
- Tesourería, protocolo e gastos de representación

Os anticipos de caixa fixa destinaranse a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo, tales como material de oficina non inventariable, subministración de produtos perecedoiros tales como alimentación, combustible, material funxible, servizos de mantemento de edificios, instalacións, etc., e calquera outro de similar natureza que sexan imputables ao capítulo II do Orzamento Xeral de Gastos.

Así mesmo, o Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos poderá xestionar, a través de anticipos de caixa fixa os gastos relativos a axudas de custe por transporte, aloxamento e manutención, así como os gastos de inscrición en actividades de formación do persoal funcionario, laboral, eventual e deputados/as provinciais.

A proposta dos responsables dos centros ou servizos provinciais, logo dos informes previos da Intervención e da Tesourería provincial, e a través de resolución da Presidencia, poderán modificarse os Centros ou Servizos Provinciais aos que se faga extensivo o réxime de anticipos de caixa fixa previsto na presente base, respectando o seu contido no que se refire a contía, situación dos fondos, control, xustificación e contabilidade.

2ª) Contía

Os anticipos de caixa fixa, en función dos gastos a satisfacer con cargo a estes, respecto ao capítulo 2º, poderán alcanzar unha contía equivalente ao 25% do importe dos créditos definitivos do devandito capítulo, xestionados directamente polos responsables do anticipo concedido. En consecuencia, non se terán en conta á hora de cuantificar estes anticipos de caixa fixa aqueles gastos xestionados directamente polos Servizos Centrais da Deputación: Contratación, Arquitectura e Mantemento, etc.

Cando concorran circunstancias excepcionais que supoñan dificultades de liquidez en determinados períodos do exercicio poderase ampliar a porcentaxe que determina o importe do anticipo ata o 40% do importe dos créditos definitivos do capítulo 2º xestionados directamente polos responsables do anticipo concedido, mediante resolución da Presidencia, previa proposta do centro, establecemento ou servizo provincial, e con informe favorable da Intervención.

3ª) Situación dos fondos

Para situar os fondos correspondentes a cada Centro ou Servizo como anticipo de caixa fixa, abrírase unha conta restrinxida para tal fin nunha entidade financeira, individualizada por Centro ou Servizo, co título: " Deputación provincial. Centro X. Anticipo de caixa fixa".



Os fondos situados en tales contas terán, para todos os efectos, carácter de fondos públicos provinciais e os seus xuros ingresaranse nos conceptos do capítulo 5º do Orzamento Xeral da Deputación provincial.

4ª) Disposición de fondos.

As disposicións de fondos das contas ás que se refire o apartado anterior, efectuaranse mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizadas polas firmas mancomunadas do director/a ou do administrador/a do Centro ou do xefe/a do Servizo ou das persoas designadas para o efecto mediante resolución da Presidencia. Excepcionalmente, logo do informe previo da Intervención e a Tesourería provincial, poderán utilizarse outras formas de pago que se determinen expresamente mediante resolución da Presidencia.

Para aquelas situacións nas que teñan que efectuarse pagos en efectivo (mercados, pequenas adquisicións ocasionais e outras similares) poderase dispor de fondos mediante cheque nominativo a un dos titulares da conta, que será responsable da custodia e xustificación destas.

Os gastos cuxos pagos teñan que realizarse con fondos a xustificar, serán acordados polos responsables de cada Centro, Establecemento ou Servizo. Nos xustificantes de pago farase constar o número do cheque ou transferencia en que se materializou a operación.

5ª) Control

Mensualmente e acompañando á conta do período respectivo, achegarse o estado demostrativo do movemento da conta bancaria e o seu saldo.

En calquera momento a Intervención Xeral poderá solicitar estados de situación das mencionadas contas con carácter extraordinario e referidos a datas concretas.

6ª) Xustificación

Os diversos Centros seguirán remitindo con periodicidade mensual as contas de gastos do período, polo que achegarán o sinalado na norma 5ª.

As anteditas contas seguirán a súa tramitación ordinaria, dando lugar ás correspondentes ordes de pago polas cantidades a que ascende cada un dos conceptos, ingresándose o importe total da conta corrente de anticipo de caixa fixa. Desta forma reporanse os fondos gastados no período ao que se circunscribe a conta mensual.

Os gastos efectuados con cargo a fondos librados como anticipos de caixa fixa, de conformidade ás presentes normas, non estarán sometidos a intervención previa nos termos sinalados polo artigo 219.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sempre que o seu importe sexa inferior a 3.005,06 euros ou se trate de indemnizacións por razón do servizo. Noutro caso requírese o informe previo de Fiscalización.

7ª) Contabilidade e control.

Para o seu seguimento contable estarase ao disposto nas normas e criterios contidos na Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro).



8ª) Normas de Xestión.

Respecto dos centros detallados no apartado 1º desta base, a Tesourería provincial, realizará durante o mes de xaneiro de 2020, a proposta correspondente da cantidade a anticipar en 2020. Para iso elaborará unha relación clasificada por programa e servizo dos subconceptos do capítulo II coa súa consignación anual (crédito inicial) e a cantidade a anticipar.

O importe total da cantidade a anticipar no exercicio 2020 comparárase coa habilitada no exercicio 2019, resultando unha diferenza a incrementar ou minorar respecto do importe total do anticipo do exercicio 2019.

A citada proposta tramitará a Tesourería provincial que a remitirá ao Servizo de Fiscalización da Intervención Xeral para a súa fiscalización.

Unha vez fiscalizada a citada proposta, ditarase a resolución de Presidencia para a súa aprobación e a Tesourería provincial situará os fondos nas contas restrinxidas dos respectivos anticipos ou no seu caso, a solicitar os correspondentes reintegros (no suposto que o anticipo de 2020 sexa inferior ao do exercicio 2019).

BASE 27ª.- GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL.

A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos.

Os devanditos gastos estarán sometidos ás limitacións establecidas no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

No caso de investimentos, transferencias de capital e transferencias correntes, o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros, non poderá exceder da contía que resulte de aplicar as porcentaxes que se sinalan no parágrafo seguinte ao importe que se obtén despois de efectuar sobre o crédito inicial da aplicación orzamentaria de aplicación, as seguintes operacións:

- Dedución do importe dos compromisos de gastos plurianuais adquiridos en exercicios anteriores, na parte imputable ao exercicio corrente.
- Incrementos derivados de modificacións de crédito tramitados no exercicio.
- Minoracións por baixas ocasionadas por anulación de créditos ou por transferencias a outra aplicación orzamentaria.

As porcentaxes expresadas no apartado anterior serán: para o exercicio inmediato seguinte o 70%, para o 2º exercicio o 60%, no 3º e 4º exercicios o 50%.



BASE 28ª.- CONTRATOS MENORES.

1. Normas comúns a todos os contratos menores:

A tramitación de gastos, que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ao disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, adecuaranse ás seguintes normas:

- a) En ningún caso se poderán considerar contratos menores aqueles que correspondan a partes ou fases dun mesmo obxecto, polo que deberá acreditarse expresamente no expediente que os servizos, subministracións e obras son completos e independentes e, por tanto non susceptibles de continuación mediante fases ou complementos, ou aqueles nos que es produza un fraccionamento do seu obxecto.
- b) En todo caso procurarase a acumulación de adquisicións, prestacións ou obras que teñan idéntico obxecto ou finalidade co fin de tramitar expedientes de contratación conxuntos.
- c) Os contratos menores terán unha duración máxima dun ano, procurarase a súa imputación ao exercicio orzamentario en que se realiza a prestación, non poderán ser obxecto de prórroga, revisión de prezos ou fraccionamento.
- d) De conformidade co disposto no artigo 118.3, ningún provedor pode resultar adxudicatario de contratos menores cun importe acumulado superior aos límites establecidos no artigo 118.1 LCSP. No caso de que se supere este límite, deberá tramitarse sempre a través do Perfil do contratante.
- e) Admitiranse pagos parciais para esta modalidade de contratos, sempre referidos a traballos realizados ou servizos efectivamente prestados e acreditados documentalmente.
- f) De conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno a Deputación publicarase a relación detallada de todos os contratos menores adxudicados. Para este efecto, os servizos xestores deberán remitir ao Servizo de Patrimonio e Contratación dentro dos cinco primeiros días de cada mes os datos dos contratos menores adxudicados no mes anterior, indicando os seguintes datos: número de expediente, concepto, presuposto, prezo de adxudicación, NIF, adxudicatario, data de adxudicación, duración do contrato ou prazo de entrega. Así mesmo, publicarase a totalidade das facturas aboadas, xunto co informe mensual sobre o período medio de pago a provedores.
- g) Para efecto de remisión da información ao Tribunal de Contas e a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación e, no seu caso, para practicar o correspondente asento no Inventario de bens e dereitos da Corporación, o Servizo de Patrimonio e Contratación levará un rexistro de todos os contratos menores que se tramitan por calquera dos procedementos que deseguido se regulan.

2. Tramitación xeral.- Obras cun valor estimado inferior a 20.000 euros (IVE excluído), subministracións e servizos cun valor estimado inferior a 15.000 euros (IVE excluído).

O expediente será tramitado polo servizo competente por razón da materia, de acordo coas fases e requisitos procedimentais que se sinalan en cada un dos apartados seguintes:



a) **Proposta de contrato:** Este documento, asinado pola persoa que ostente a Xefatura de Servizo, deberá contar cos seguintes apartados:

- Denominación e obxecto do contrato.
- Xustificación da necesidade do contrato.
- Orzamento do contrato e aplicación orzamentaria a que se imputará o gasto. No caso de contratos menores de obras, orzamento das obras, memoria valorada e, no caso de ser necesario, proxecto técnico e/ou informe da oficina de supervisión de proxectos cando proceda, nos supostos do artigo 135 LCSP.
- Prazo de execución ou duración.
- As prescricións técnicas ou características básicas da prestación a realizar.
- Indicación de, polo menos, tres empresas con capacidade para realizar a prestación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de promover a concorrência.
- Prazo e medio para a presentación das ofertas.
- Criterios de adxudicación e ponderación dos mesmos, debendo ser sempre un deles o prezo.
- Forma de acreditar o cumprimento da obriga e forma de pagamento.

A proposta co contido exposto deberá contar coa autorización da Presidencia ou da persoa deputada que ostente a delegación da área correspondente, de acordo coa instrución de coordinación de contratos aprobada por Resolución de 19/12/2011.

b) **Verificación da existencia de crédito e emisión do documento RC:**

A proposta de contrato será remitida á Intervención, para o efecto de verificar a existencia de crédito e proceder, no seu caso, a emisión do documento contable de retención de crédito. Este trámite non ten o carácter de fiscalización previa, sen prexuízo de que o órgano interventor poida formular as observacións complementarias que estime convenientes, sen que as mesmas teñan efecto suspensivo na tramitación do expediente e para seren consideradas, no seu caso, no control financeiro posterior ao que puidera someterse o expediente; non obstante, a Intervención poderá devolver o expediente se aprecia algún requisito a subsanar ou corrección na aplicación orzamentaria proposta.

c) **Solicitud de oferta a tres provedores con capacidade para executar a prestación:**

Devolto o expediente ao servizo xestor, requirirase ás empresas indicadas na proposta para que presenten a correspondente oferta, achegando asemade a declaración responsable de estar ao día no cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade social e de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar.



d) Adxudicación:

Recibidas as ofertas das empresas propostas, o Servizo xestor emitirá motivadamente a proposta de adxudicación e, á vista da mesma, será ditada a correspondente resolución de adxudicación, que lle será notificada á persoa adxudicataria, debendo darse traslado da mesma á Intervención, para que se proceda a contraer o compromiso de gasto correspondente, así coma ao Servizo de Patrimonio e contratación, para o efecto de rexistro ao que se fai referencia na letra g) da apartado 1.

3. Regras para a tramitación centralizada con publicación na Plataforma de Contratación: obras con valor estimado de 20.000 a 30.000 euros (IVE excluído).

- a) As propostas de contratos menores de obras un valor estimado entre 20.000 e 30.000 euros **(IVE excluído)** deberán remitirse ao Servizo de Patrimonio e Contratación para a súa tramitación de acordo cos trámites e contidos documentais previstos no apartado anterior, mais con carácter xeral a selección da empresa adxudicataria realizarase logo da publicación dun anuncio no Perfil do Contratante; a non ser que existan motivos de urxencia ou necesidade que, unha vez acreditados polo servizo propoñente, habiliten para prescindir do anuncio e substituílo pola invitación a tres empresas con capacidade para a execución da obra.
- b) O prazo de presentación de ofertas, como regra xeral, será de 5 días. Con todo, se a unidade xestora considera o expediente de urxencia o prazo poderá reducirse a 2 días e, en casos excepcionais, a 1 día.
- c) O Servizo de Patrimonio e Contratación publicará o anuncio no Perfil, recollendo os datos indicados no apartado anterior e soamente esixirá dos licitadores unha declaración responsable de que non están incursos en prohibicións de contratar e ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Os licitadores deberán presentar as súas ofertas exclusivamente a través da Plataforma de Contratación.
- d) O Servizo de Patrimonio e Contratación comprobará que o contratista que resulte proposto como adxudicatario presentou a declaración responsable.
- e) No caso de que a unidade xestora fixase algún criterio de valoración ademais do prezo, o Servizo de Patrimonio e Contratación remitirá as ofertas á Unidade Xestora para os efectos de que emitan a correspondente valoración e proposta de adxudicación.
- f) Ditarase, a través do Servizo de Patrimonio e Contratación, a resolución de adxudicación, determinando os elementos esenciais da relación contractual: datos do adxudicatario (nome, razón social, NIF ou CIF, domicilio social, etc.) obxecto, prezo, forma de pago, prazo de execución e dereitos e deberes mutuos.



4. Obras con valor estimado superior a 30.000 euros (IVE excluído) e inferior a 40.000 euros (IVE excluído):

Tramitarase o expediente e adxudicarase o contrato seguindo algún dos procedementos dos indicados no artigo 131.2 da LCSP.

5. Tramitación simplificada: Obras, servizos e subministracións cun valor estimado inferior a 8.000 euros (IVE excluído):

- a) **Contratos de obras inferiores a 8.000 euros (IVE excluído):** Cando a contía das obras que se teña que realizar sexa inferior a 8.000 euros (IVE excluído) será suficiente a proposta do Servizo Técnico competente contendo a descrición das obras para realizar e a cuantificación do seu importe, e a subseguinte achega da factura. Asemade, deberá constar autorización da Presidencia ou do/a deputado/a que teña a delegación da área correspondente de acordo coas instrucións para a coordinación de contratos da Deputación do 19/12/2011, ou, na súa falta, a citada autorización poderá prestarse conxuntamente co recoñecemento da obriga e a ordenación do pago.
- b) **Contratos menores de subministracións inferiores a 8.000 euros (IVE excluído):** Cando a contía sexa inferior a 8.000 euros (IVE excluído), as peticións tramitaranse a través do Servizo de Patrimonio e Contratación, mediante a remisión dun bono externo de petición de material, e a subseguinte achega da factura. A autorización da Presidencia ou do/a deputado/a que teña a delegación da área correspondente poderá prestarse conxuntamente co recoñecemento da obriga e a ordenación do pago.
- c) **Contratos menores de servizos:** Cando a contía sexa inferior a 8.000 euros (IVE excluído), será suficiente a proposta da unidade xestora contendo a descrición dos servizos que se vaian prestar e a cuantificación do seu importe e a subseguinte achega da factura. Deberá constar autorización da Presidencia ou do/a deputado/a que teña a delegación da área correspondente, de acordo coas instrucións para coordinación de contratos da Deputación, do 19/12/2011, ou, na súa falta, a antedita autorización poderá prestarse conxuntamente co recoñecemento da obriga e a ordenación do pago.

6. Asistencia técnica para a valoración dos criterios de adxudicación dos contratos.

As persoas profesionais non dependentes da Deputación que, polos seus coñecementos científicos, técnicos, culturais ou académicos, sexan designadas para formar parte das comisións técnicas que han de valorar e ponderar os criterios de adxudicación dos contratos desta Deputación, percibirán unha remuneración por cada informe emitido de 150,00 euros, independentemente do número de sesións a que dese lugar a emisión do informe-proposta requirido. Sobre cantidades aboadas practicarase a retención correspondente, de acordo co establecido na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.



7. Honorarios das persoas integrantes das comisións para a valoración técnica dos proxectos correspondentes a programas de subvencións convocados pola Deputación.

As persoas que participen nas Comisións de valoración técnica para a concesión de subvencións percibirán un importe fixo de 300 €, máis un importe variable de 5 euros por cada un dos expedientes que analicen. Estas cantidades teñen o carácter de importes máximos; estarán suxeitas ás retencións que correspondan e inclúen todos os gastos, polo que non se aboará cantidade ningunha para desprazamentos, manutención ou aloxamento.

8. Honorarios das persoas integrantes dos tribunais para a valoración das solicitudes de bolsas de investigación e bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos.

As persoas integrantes dos tribunais para a valoración de solicitudes de bolsas de investigación e bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos percibirán un importe fixo de 600 euros, ao que se engadirá un importe variable de 10 euros por cada expediente que analicen. No caso de participacións en tribunais para a concesión de bolsas de estudos artísticos o importe fixo ascenderá a 700 euros no caso de que teña lugar unha proba presencial. Estas cantidades teñen o carácter de importes máximos; estarán suxeitas ás retencións que correspondan e inclúen todos os gastos, polo que non se aboará cantidade ningunha para desprazamentos, manutención ou aloxamento.

9. Retribucións das persoas que integren os xurados dos premios e certames culturais convocados pola Deputación da Coruña:

Fíxanse as retribucións que percibirán cada unha das persoas que integren os xurados dos premios culturais convocados pola deputación de acordo co seguinte:

- **Honorarios:** En función do número de reunións, segundo as bases das correspondentes convocatorias: 800,00 €, no caso de premios e certames nos que o mesmo xurado teña unha única reunión; no caso de que teñan lugar dúas reunións o importe a retribuír será de 1.000 euros.
- **Indemnización por gastos de desprazamento:** se o desprazamento se produce dentro do ámbito territorial da Comunidade autónoma de Galicia non se aboará indemnización ningunha. Se o desprazamento se realiza desde fóra do territorio da Comunidade autónoma de Galicia, indemnizarase o importe dos billetes de transporte público ou, no caso de utilizar vehículo propio, a contía que resulte de aplicar 0,19 euros por cada quilómetro percorrido.
- **Aloxamento e manutención:** Aboaranse os gastos de aloxamento e manutención nos casos nos que proceda, en función do lugar de residencia das persoas dos xurados e dos horarios de comezo e finalización das sesións.



BASE 29ª- CONTRATOS RESERVADOS A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E EMPRESAS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL.

A Deputación Provincial da Coruña reservará a participación en determinados procedementos de adxudicación de contratos ou determinados lotes destes a centros especiais de emprego e empresas de inserción sociolaboral, sempre que as prestacións do contrato estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade previstos nos seus estatutos ou regras fundacionais ou reservar a execución destes contratos no marco de programas de emprego protexido.

As áreas de actividade obxecto dos contratos, ou os seus lotes, que poden ser reservados a Centros Especiais de Emprego e a empresas de inserción ou cuxa execución pode reservarse no marco de programas de emprego protexido son as seguintes:

- Servizos de mantemento de zonas verdes
- Servizos de almacenamento
- Servizos de limpeza, lavandería e pasar o ferro
- Servizos de restauración, de comidas e hostalería
- Servizos de atención a visitantes aos inmobles do patrimonio provincial
- Servizos de recollida e transporte de residuos
- Servizos auxiliares e de conserxaría
- Servizos de dixitalización e tratamento documental
- Obras ou servizos de conservación e mantemento de bens inmobles
- Servizos de mensaxería e correspondencia
- Servizos de artes gráficas
- Subministración de roupa de traballo



CAPÍTULO 2º.- NORMAS REGULADORAS DE DETERMINADOS INGRESOS.

BASE 30ª.- INGRESOS DO PROCEDEMENTO RECADATORIO.

O pago das débedas, tributarias ou non tributarias, garantías en efectivo e calquera outro pago que se teña que efectuar a favor da Deputación provincial, terá que facerse por entidade financeira colaboradora, logo da obtención previa da correspondente carta de pago.

Estes pagos canalizaranse polos seguintes medios:

- a) Ingresos de efectivo nas oficinas abertas ao público polas devanditas entidades no correspondente horario de atención ao público destas.
- b) Nos caixeiros automáticos das entidades colaboradoras.
- c) Mediante domiciliación bancaria no caso dos tributos de cobranza periódica e notificación colectiva.
- d) Na oficina virtual tributaria a través do pago con cartón en TPVS virtuais, rede-s, cargo en conta ou calquera outro medio que poida establecerse.

Na Unidade Central de Tesourería será posible o pago daquelas taxas, garantías e ingresos non tributarios que constitúan recursos propios da Deputación mediante un sistema asistido de TPV virtual dentro da Oficina Virtual Tributaria, sen prexuízo da posible expedición da carta de pago para o ingreso na entidade colaboradora de calquera débeda, garantía ou calquera outro pago.

Só en circunstancias excepcionais e con autorización previa do tesoureiro, se poderán efectuar cobranzas en efectivo en determinados casos concretos.

Os xustificantes de pago en efectivo serán segundo os casos:

- a) Os recibos validados pola Tesourería ou as entidades financeiras colaboradoras.
- b) As cartas de pago subscritas ou validadas por funcionario competente ou por entidades autorizadas para recibir o pago.
- c) As certificacións acreditativas do ingreso efectuado, expedidas pola Tesourería ou o Servizo Central de Recadación.
- d) Calquera outro documento ao que se outorgue expresamente o carácter de xustificante de pago, autorizado por resolución da Presidencia.

A cobranza de todo tipo de débedas, garantías e calquera importe a favor da Deputación ou das entidades cuxa xestión recadatoria ten delegada, regularase mediante as normas xerais de desenvolvemento que aprobe a Presidencia da Deputación e as instrucións concretas que dite a Tesourería.



BASE 31ª.- OPERACIÓNS DE TESOURERÍA.

En harmonía co disposto nos artigos 53 e 199 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, e logo do informe previo da Intervención, a Presidencia da Deputación poderá concertar operacións de tesourería para cubrir déficit temporais de liquidez.

BASE 32ª.- APELACIÓN AO CRÉDITO.

Non está previsto o concerto de operacións de crédito con entidades financeiras para financiar o Orzamento da Deputación provincial do ano 2020.

BASE 33ª.- GASTOS FINANCIADOS CON INGRESOS FINALISTAS.

Se no orzamento se recolleran gastos financiados con achegas da Unión Europea ou doutras entidades públicas ou privadas resultará de aplicación o disposto no artigo 173.6 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o apartado 2º da disposición adicional terceira da Lei de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014.

CAPÍTULO 3º.- FUNCIÓN FISCALIZADORA.

BASE 34ª.- EXERCICIO DO CONTROL INTERNO: ÓRGANO E RÉXIME XURÍDICO.

1.- As actuacións de control interno serán realizadas polo órgano interventor, integrado polo interventor xeral, o viceinterventor, os interventores adxuntos e o persoal funcionario adscrito ao Servizo de Fiscalización e Control Financeiro da Intervención. As devanditas actuacións de control interno comprenderán o exercicio da función interventora e do control financeiro.

2.- O órgano interventor desempeñará esta función en cumprimento do disposto no artigo 92.3.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 213 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, o R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional e o R.D. 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.



3.- O viceinterventor e os interventores adxuntos, de conformidade co establecido no artigo 15 do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, asumirán, por delegación expresa do interventor xeral, as competencias que este lles delegue mediante resolución da Presidencia.

4.- O órgano interventor exercerá as súas funcións de control interno baixo os principios de autonomía funcional, exercicio desconcentrado e procedemento contraditorio. O persoal funcionario, baixo a dirección do interventor xeral, terá independencia funcional respecto dos titulares dos servizos e entidades controladas. Igualmente, o citado persoal deberá gardar segredo no tocante aos asuntos e datos que coñezan no exercicio das súas funcións, No seu caso, cando os feitos ou datos coñecidos poidan ser constitutivos de infracción administrativa, responsabilidade contable ou penal, deberase presentar a correspondente actuación perante o órgano competente, sen que o deber de segredo sexa aplicable para este efecto, de acordo co disposto no artigo 5.2 do Real decreto 424/2017, do 18 de abril, polo que se regula o réxime de control interno nas entidades do sector público local.

5.- O órgano interventor deberá facilitar o acceso aos informes de control naqueles casos que legalmente proceda. En defecto de previsión legal ao respecto, as solicitudes de información deberán dirixirse ás unidades xestoras dos correspondentes expedientes.

6.- No desenvolvemento da súa función, o órgano interventor deberá dispor dun modelo de control eficaz e, para a súa execución, hánelle facilitar os medios necesarios e suficientes. Para este fin, dentro dos seis primeiros meses do exercicio 2020 elaboraranse as normas internas do modelo de control, así como o Plan de control financeiro e unha "Guía de Fiscalización" a proposta do órgano interventor para o antedito exercicio, das que se dará coñecemento ao Pleno da Corporación.

7.- O órgano interventor poderá solicitar a colaboración que resulte necesaria para o exercicio das súas funcións, solicitar informes e asesoramento, revisar os sistemas informáticos e dispor de asistencia xurídica. Toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, estará obrigada a proporcionar, logo do requirimento previo do órgano interventor, toda clase de datos, informes ou antecedentes deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas con trascendencia para as actuacións de control.

8.- O órgano interventor dará conta aos órganos de xestión controlados dos resultados máis relevantes das comprobacións efectuadas e recomendará as actuacións que resulten aconsellables, mediante a emisión dun informe-resumo de actuacións. O devandito informe será remitido ao Pleno, a través da Presidencia da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso dos catro primeiros meses de cada ano. Á vista deste informe, a Presidencia formalizará un plan de acción, no que se determinen as medidas para corrixir as debilidades, deficiencias e incumprimentos. Logo da súa presentación previa, o plan de acción será informado polo órgano interventor, para os efectos de valorar a súa adecuación para emendar as deficiencias e incumprimentos observados.

9.- Para os efectos establecidos no artigo 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a Intervención Xeral elevará o seu informe, sobre resolución de discrepancias, ao Pleno provincial como un punto independente na orde do día e incluírao como parte integrante do expediente que contén a Conta Xeral, xunto co informe xustificativo da Presidencia da Corporación.



BASE 35ª.- FUNCIÓN INTERVENTORA: ALCANCE DA FISCALIZACIÓN DE GASTOS E INGRESOS.

PRIMEIRO.- A fiscalización e intervención plena de gastos e obrigas desta Deputación realizarase mediante a comprobación dos seguintes puntos. Os apartados de comprobación que se indican poderán ser complementados na "Guía de Fiscalización" que elabore a Intervención provincial ao longo do exercicio.

A) Propostas de gastos en xeral. Puntos que deberán constar nos expedientes:

- a) Existencia de crédito orzamento e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer.
- b) Nos casos en que se trate de contraer compromisos de gasto de carácter plurianual ou no seu caso, de tramitación anticipada de gastos, comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais. Ademais, en caso de financiamento afectado, verificarase a firmeza do compromiso de financiamento.
- c) Executividade dos recursos que financian o gasto.
- d) Que nas obrigas ou gastos proponse ao órgano competente para a aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obriga.
- e) A competencia do órgano de contratación e en xeral, do que dite o acto administrativo, cando o citado órgano non teña atribuída a facultade de aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obriga de que se trate.
- f) Que os expedientes de compromisos de gasto, responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente.
- g) Que nos expedientes de recoñecemento de obrigas, responden a gastos aprobados e comprometidos e, no seu caso, fiscalizados favorablemente.
- h) En caso de que haxa designación de interventor para a comprobación material dun investimento, que se realizara a citada comprobación con carácter favorable (sen prexuízo do segundo parágrafo do artigo 198.2 da LCSP e non chegara o momento de efectualala).
- i) Que existe informe-proposta do xefe da dependencia, conformado polo responsable da Unidade xestora xustificativo da necesidade do gasto e idoneidade do obxecto.
- j) Que se emitiron os informes preceptivos que en cada caso procedan.
- k) Adecuación ao novo escenario normativo competencial derivado da Lei 27/2013 e Lei 5/2014 da CC.AA. de Galicia.
- l) Puntos adicionais que, atendendo á natureza dos distintos actos, documentos ou expedientes, se conteñan nas Guías de Fiscalización que se aproben polos órganos competentes.

B) Para todo expediente haberán de efectuarse, no seu caso, ademais das comprobacións que se determinan nos apartados anteriores, as que a continuación se sinalan:



a) Cando dos informes preceptivos, aos que se fai referencia nos diferentes apartados, se deducise que omitiron requisitos ou trámites que sexan esenciais ou que a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos, procederase ao exame exhaustivo do documento ou documentos obxecto do informe e se, a xuízo do interventor, se dan as mencionadas circunstancias, haberá de actuar conforme ao preceptuado no artigo 215 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

b) Nos expedientes de recoñecemento de obrigas deberá comprobarse que responden a gastos aprobados e fiscalizados ou a sentenzas xudiciais firmes.

C) Outros puntos obxecto de fiscalización:

C.1) Nas nóminas de retribucións do persoal ao servizo da Deputación provincial, os puntos adicionais serán os seguintes:

a) Que as nóminas estean asinadas pola xefatura do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e se propoñen para a súa autorización polo órgano competente.

b) Comprobación do cumprimento do sinalado na Resolución da Presidencia nº 19.741 do 14 de novembro de 2007, que aproba as instrucións para a tramitación e cumprimento das nóminas mensuais de haberes do persoal.

O resto das obrigas reflectidas na nómina, así como os actos que as xeren, serán obxecto de comprobación singular adecuada a súa natureza.

C.2) Proposta de contratación de persoal laboral fixo:

a) Incorporación de certificado acreditativo, expedido por órgano competente, de que os postos que se vaian cubrir figuran detallados nas respectivas relacións ou catálogos de postos de traballo e están vacantes.

b) Cumprir co requisito de publicidade das correspondentes convocatorias no BOE, nos termos establecidos na normativa que en cada caso resulte de aplicación.

c) Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

d) Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.

e) Que as retribucións que se sinalen no contrato se axusten ao convenio colectivo que resulte de aplicación.

C.3) Proposta de contratación de persoal laboral temporal:

a) Cumprir cos criterios de selección establecidos polo Pleno provincial, nos termos previstos na normativa de xeral aplicación e no Regulamento de selección de persoal laboral temporal e interino da Deputación.



- b) Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.
- c) Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente e que se respectou a relación priorizada do persoal seleccionado.
- d) No suposto de contratación de persoal con cargo aos créditos de investimentos, verificarase a existencia do informe do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, sobre a modalidade de contratación temporal utilizada e sobre a observancia, nas cláusulas do contrato, dos requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.
- e) Que as retribucións que se sinalen no contrato se axusten ao convenio colectivo que resulte de aplicación.

C.4) Proposta de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva:

Aprobación do gasto:

- a) Existencia de bases reguladoras da concesión de subvencións.
- b) Aprobación e publicidade das bases.
- c) Bases axustadas ás previsións contidas na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no regulamento de desenvolvemento da devandita lei, na Lei de subvencións de Galicia e nas normas xerais sobre subvencións recollidas nas Bases de execución do Orzamento.
- d) Adecuación do expediente ás bases aprobadas.
- e) Que na convocatoria figuran os créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e a contía total máxima das subvencións convocadas, así como, no seu caso, o establecemento dunha contía adicional máxima, en aplicación do artigo 58 do Regulamento da lei xeral de subvencións.
- f) Que na convocatoria figuran os criterios de valoración das solicitudes e que estes son conformes cos establecidos nas correspondentes bases reguladoras.
- g) Cando se trate de expedientes de aprobación de gasto pola contía adicional do artigo 58 do Regulamento da lei xeral de subvencións, unha vez obtido o financiamento adicional, verificarase como punto adicional que non se supera o importe establecido na convocatoria.

Compromiso do gasto:

- a) Que existe o informe do órgano colexiado correspondente sobre a avaliación das solicitudes.
- b) Que existe o informe do órgano instructor no que conste que da información que consta no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.
- c) Que a proposta de resolución do procedemento expresa o solicitante ou a relación de solicitantes aos que se vai conceder a subvención, a súa contía, o coeficiente de financiamento e o orzamento subvencionado.



Recoñecemento de obrigas:

- a) Que existen os xustificantes esixidos nas bases da convocatoria que acrediten a correcta aplicación da subvención á súa finalidade.
- b) Que a xustificación se produza dentro de prazo.
- c) Para aquelas subvencións nas que a súa normativa reguladora prevexa que os beneficiarios han de achegar garantías, que se acredita a existencia das devanditas garantías.
- d) En caso de realizarse pagos a conta, que están previstos na normativa reguladora da subvención.
- e) Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.
- f) Que se acompaña certificación a que se refire o artigo 88.3 do Regulamento da lei xeral de subvencións, expedida polo órgano encargado do seguimento da subvención.

C.5) Proposta de concesión de subvencións nominativas:

Aprobación e compromiso do gasto:

- a) Que a concesión directa da subvención se ampara nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.
- b) Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, que o beneficiario está ao corrente de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non está incurso nas prohibicións para obter a dita condición, dispostas no apartado 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normas de aplicación.
- c) Se o expediente se instrumenta a través dun convenio, ademais de verificar o establecido con carácter xeral no punto anterior, deberá comprobarse, con carácter previo á súa subscripción, os puntos referidos no apartado das presentes bases dedicado aos convenios de colaboración.

Recoñecemento de obrigas:

Comprobaranse os mesmos puntos dispostos no apartado relativo ao recoñecemento da obriga das subvencións non nominativas

C.6) Propostas de indemnización de danos e prexuízos por responsabilidade de carácter extracontractual:

- a) Informe do Servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable.
- b) Valoración pericial.



c) Informe dos servizos xurídicos.

C.7) Contratos menores:

Os puntos de Fiscalización das Propostas de Gasto relativas aos Contratos Menores, serán os seguintes:

A.1 Tramitación Xeral

1.- Informe do órgano de contratación sobre a necesidade do contrato.

2.- Expediente administrativo que conterá:

- Denominación e obxecto do contrato.
- Orzamento de licitación.
- Financiamento.
- Prazo de execución.
- Dereitos e deberes das partes.
- Prescricións técnicas básicas.
- Criterios de valoración de ofertas e documentación.
- Prazo de presentación das ofertas de 5 días.
- Autorización da Presidencia ou Deputado/a con delegación.

3.- Declaración do responsable de que non existe alteración do obxecto para evitar regras de contratación e non superación polo contratista dos límites cuantitativos.

4.- Con carácter particular nos contratos de obras comprobarase:

- Existe orzamento ou proxecto.
- Informe oficina supervisión (ou equivalente) no caso de afectación á estabilidade, estanquidade ou seguridade.

5.- Publicación do anuncio no perfil do contratante.

- m.2) Xúntanse os aspectos económicos e/ou técnicos obxecto de negociación*
- m.3) Descrición de necesidades e características das obras*
- m.4) Procedemento de negociación (transparencia, publicidade e non discriminación)*
- m.5) Requisitos mínimos*
- m.6) Xúntanse os criterios de adxudicación susceptibles de negociación*
- m.7) Procedemento negociado SEN PUBLICIDADE*

n) No caso de tramitación urxente

- n.1) Supostos de aplicación: necesidade inaprazable ou motivos de interese público*
- n.2) Motivación da declaración de urxencia*
- n.3) Redución de prazos*
- n.4) Prazo de inicio da execución dende a formalización < 1 mes*

Disposición do gasto:

- a) Contabilización da fase anterior do gasto
- b) Fiscalización previa fase A
- c) Anuncio licitación: Perfil do contratante ou regulación harmonizada (DOCE)
- d) Relación certificada de proposicións presentadas
- e) Verificación do cumprimento de prazos na presentación de proposicións
- f) Declaración de requisitos previos: DUE
 - f.1) Declaración responsable : axuste modelo de pregos*
 - f.2) Requisitos adicionais en caso de restrinxido procedemento negociado, diálogo competitivo e asociación innovación*
 - f.3) Solvencia con outras empresas: cumprimento de requisitos por estas*
- g) Presentación de proposicións segundo modelos do prego e indicación do IVE como partida independente



- h) Garantía provisional: acreditación documental da súa constitución agás que non sexa esixible
- i) Cualificación documentación Mesa Contratación (procedemento art. 157)
- j) Existencia de informes técnicos en caso de criterios de xuízo de valor ou Comité de Expertos
 - j.1) Verificación de cumprimento de requisitos técnicos do prego*
 - j.2) Informe de valoración dos criterios*
 - j.3) Ditame Comité de Expertos*
- k) No caso de licitación con negociación, que se acredita a existencia de negociación nos termos do prego e da lei (art. 169)
- l) Adecuación proposta de selección coa realizada pola Mesa ou Unidade Técnica ou, en caso contrario, decisión motivada
- m) No caso de exclusión por ser anormalmente baixa, cumprimento do procedemento art. 149, incluído informe do servizo técnico
- n) Cumprimento prazos na proposta de adxudicación
 - Criterio único prezo: máximo 15 días*
 - Varios criterios ou único criterio Menor Custo Ciclo da Vida, Máximo 2 meses*

Adxudicación:

- a) Presentación da documentación no prazo de 10 días dende o requirimento
 - a.1) Constitución sociedade, obxecto social, clasificación ou req solvencia, capacidade de contratar, correo notificación, etc.*
 - a.2) Acreditación efectiva de disposición medios*
 - a.3) Garantía definitiva 5% prezo final sen IVE*
 - a.4) Garantía complementaria (de ser o caso) 5% prezo final sen IVE*
 - a.5) Procedemento supersimplificado*
- b) No caso de non presentar a documentación requirida:
 - b.1) Esixencia importe 3% base de licitación sen IVE, en concepto de penalidade*
 - b.2) Requirimento de documentación ao licitador seguinte*
- c) Fiscalización do expediente dentro do prazo de 5 días hábiles dende a recepción da documentación
- d) No seu caso, resolución do órgano de contratación con informe, relativa á *desestimación do recurso especial en materia de contratación*



- e) No caso de desistencia ou proposta de non adxudicación, que consta informe xustificativo de razóns de interese público (art. 152)
- f) Proposta de documento "*Contrato*": adecuación ás condicións licitación e oferta
- g) Anuncio de resolución de adxudicación: Perfil do contratante 15 días

D) BENS PATRIMONIAIS E EFECTOS NON UTILIZABLES: ALLEAMENTO E CESIÓN

Os puntos que serán comprobados, **con carácter xeral** serán os seguintes:

- a) Natureza xurídica do ben: certificación do inventario de bens
- b) Descrición física e xurídica do ben
 - *Natureza: ben patrimonial ou efecto non utilizable*
 - *Descrición física*
 - *Referencia catastral, de ser o caso*
 - *Acreditación titularidade provincial: (vid escritura pública)*
- c) Competencia do órgano
- d) Acordo de iniciación do expediente, xustificativo da motivación
- e) Que existe informe-proposta do xefe da dependencia, *conformado polo responsable da Unidade xestora* xustificativo da xustificación da conveniencia do expediente

Os punos que serán comprobados, con carácter adicional. segundo a natureza dos distintos actos, documentos ou expedientes serán os seguintes:

Alleamento de bens patrimoniais e efectos non utilizables

- a) Natureza xurídica do ben



- b) Autorización CC.AA.: Non se superan os límites establecidos no artigo 109.1 RD 1372/1986 *“os bens patrimoniais non poderán allearse, gravarse nin permutarse sen autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma, cando o seu valor exceda do 25% dos recursos ordinarios do orzamento anual da Corporación. No entanto, darase conta ao órgano competente da Comunidade Autónoma de todo alleamento de bens inmobles que se produza”*.
- c) Acreditación da inclusión no inventario de bens municipais
- d) Acreditación da inclusión en balance e valoración
- e) Informe xurídico Servizo de Patrimonio
- f) Informe da Secretaría Xeral
- g) Informe dos Servizos Técnicos Municipais de valoración do prezo de venda dos bens en base a criterios obxectivos de valoración tecnicamente aplicables (prazos de amortización, vida útil e estado actual da maquinaria etc.)
- h) No caso de bens patrimoniais, afectación dos recursos derivados do alleamento, (art. 5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo Texto refundido da lei reguladora das facendas locais).

Cesión de bens patrimoniais titularidade da Deputación : Requisitos art. 110.1 Regulamento de bens das entidades locais

- a) Xustificación documental pola propia entidade ou institución solicitante do seu carácter público e memoria demostrativa de que os fins que persegue han de redundar de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do ámbito territorial
- b) Certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa de que os bens están debidamente inscritos en concepto de patrimoniais da entidade local
- c) Certificación do secretario da Corporación na que conste que os bens figuran inscritos no inventario aprobado pola Corporación e da cualificación xurídica
- d) Informe de non existir débedas pendentes de liquidación con cargo ao orzamento municipal
- e) Certificación da Tesourería Municipal de non existencia de débeda
- f) Ditame subscrito por técnico que asevere que os bens non figuran comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a entidade local nin é previsible que o sexan nos dez anos inmediatos
- g) Información pública por prazo non inferior a quince días
- h) Publicación no BOP
- i) Informe do Negociado de Rexistro “non constan rexistradas alegacións”
- j) Informe xurídico: Informe proposta do xefe do Servizo de Patrimonio favorable á proposta de acordo de cesión



k) Así mesmo, cómpre valorar a conveniencia de especificar no acordo, tendo en conta a natureza gratuíta da cesión da titularidade do ben, a reversión do auto conforme aos compromisos adquiridos.

l) Aceptación do cesionario no instrumento formalizado: cumprimento de requisitos e obrigas

Bens demaniais: mutación demanial

a) Natureza xurídica do ben

b) Descrición física e xurídica do ben:

- Natureza: ben de dominio público
- Descrición física
- Referencia catastral
- Acreditación da titularidade municipal

c) Competencia do órgano

d) Acordo de iniciación do expediente de cesión

e) Acreditación da incorporación na documentación que conforma o expediente:

- *Documentación identificativa do ben*
- *Memoria xustificativa na que se describa o fin, uso ou servizo público ao que se destinará este*

f) Contén as mencións requiridas polo artigo 66.1 da Lei 33/2003, así como a referencia catastral e cantas condicións, requisitos e prazos se estimen necesarios para o adecuado uso do ben ou dereito, así como as causas de resolución.

g) Información pública

h) Informe xurídico

i) Inexistencia de obrigas económicas ou, de ser o caso, determinación, cuantificación, e habilitación orzamentaria

j) Proposta de modificación de Inventario provincial



E) Convenios

E.1) Convenios de cooperación con comunidades autónomas:

Subscripción:

Que existe informe do Servizo correspondente, do Servizo de Contratación e da Secretaría Xeral

Modificacións substanciais:

Que existe informe do Servizo competente, do Servizo de Contratación e da Secretaría Xeral

Prórroga:

Que existe informe do Servizo competente, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral

E.2) Convenios de cooperación co resto de entidades de dereito público:

Que existe informe do Servizo competente, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral

E.3) Convenios de cooperación con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado.

- a) Que existe informe do Servizo competente, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.
- b) No caso de que impliquen subvencións nominativas, verificación dos requisitos establecidos na Base 50ª.

E.4) Convenios de subvencións que se axusten aos convenios-tipo aprobados polo Pleno provincial:

Para a tramitación teranse en conta as seguintes actuacións:

- Informe proposta da unidade xestora contendo o modelo-tipo de convenio e a documentación preceptiva que en cada caso proceda.
- Informe do Servizo e Fiscalización que se limitará a comprobar os seguintes puntos:
 - a) Que se acompañe a proposta de convenio-tipo e a documentación preceptiva
 - b) Que existe crédito adecuado e suficiente para o gasto proposto.
 - c) Que se recolle o importe da subvención provincial, o coeficiente de financiamento e o orzamento subvencionable nas condicións aprobadas polo Pleno corporativo no acordo nº 19 adoptado na sesión plenaria do 25/5/2012.



F) Plans provinciais para o desenvolvemento da cooperación:

Que exista informe da Secretaría Xeral sobre o texto das bases do plan.

SEGUNDO.- Así mesmo, en materia de ingresos públicos, tanto propios da Deputación provincial como os que se xestionan e/ou recaden por expresa delegación doutros entes públicos, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a autorización de técnicas de mostraxe ou auditoría. A devandita substitución realizarase con carácter xeral e sen prexuízo de continuar coa fiscalización previa naqueles supostos en que se considere necesario. Mediante resolución da Presidencia, a proposta da Intervención, determinaranse en concreto os actos de xestión en que proceda a fiscalización a posteriori, así como o procedemento, informes, técnicas de mostraxe e todos aqueles aspectos necesarios para o desenvolvemento da devandita fiscalización posterior. Resultará de aplicación a resolución da Presidencia número 4.214 do 6 de marzo de 2012, ata a súa modificación ou derogación expresa.

TERCEIRO.- Non obstante todo o anterior, emitiranse informes especiais cando na realización da fiscalización se evidencie a posible existencia de supostos de responsabilidade contable.

CUARTO.- Conforme co disposto na normativa de contratos do sector público, á terminación das obras, e no prazo máximo dun mes desde a certificación de obra que acredite a súa terminación, recepcionaranse as obras. Para recepcionar as obras deberá designarse un facultativo que represente á administración, tal designación pode recaer na dirección ou codirección da obra cando así o estime, motivadamente, o órgano de Contratación, sempre que este sexa funcionario público.

QUINTO.- Para levar a cabo a intervención e comprobación material dos investimentos realizados pola Deputación da Coruña, o órgano interventor estará presente, a través dalgún dos funcionarios integrados nel e designado previamente polo interventor xeralou polo Interventor Adxunto ao que se lle atribúe a competencia en recepcións e control financeiro, na recepción das obras ou subministracións cuxa contía supere os 50.000,00 euros (IVE excluído). Co fin de que se poida designar a unha persoa concreta dentro das que integran o persoal do órgano interventor, deberá producirse a correspondente comunicación cunha antelación mínima de 10 días hábiles respecto do proposto para a recepción das obras, co obxecto de que se dispoña de tempo suficiente para a adecuada organización e programación do traballo que se ha realizar.

En todas as actas de recepción deberá constar expresamente a asistencia da Intervención Xeral, ben a través do seu titular ou da persoa que o represente, xa sexa Interventor Adxunto ou o técnico que asume a delegación xenérica nos actos indicados, ou a persoa designada concretamente para unha obra determinada.

SEXTO.- De conformidade co establecido no artigo 219.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, non estarán sometidos a intervención previa os gastos de contratos menores que non requiran proposta previa de acordo co establecido na Base 28ª, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo unha vez intervindo o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións, así como outros gastos menores de 3.000,00 euros que, de acordo coa normativa vixente, se fagan efectivos a



través do sistema de anticipos de caixa fixa. En todo caso a tramitación destes gastos requirirá a verificación da existencia de crédito orzamentario dispoñible, adecuado e suficiente, a través da expedición do documento contable de retención de crédito. Tódolos contratos menores nos que non se dera a fiscalización previa serán obxecto do Control Financeiro anual.

BASE 36ª.- DA FUNCIÓN DE CONTROL FINANCEIRO.

1.- Exercerase o control financeiro da entidade local e de todos os seus servizos, utilizando ben o control permanente ou ben a auditoría pública. Ambas as dúas modalidades incluírán o control de eficacia, verificando o cumprimento dos obxectivos programados, o custo e rendemento de servizos, de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2.- No prazo dos seis primeiros meses do exercicio, o órgano interventor elaborará o Plan anual de control financeiro, que logo será remitido ao Pleno da Corporación para os efectos informativos. O citado plan concretará as actuacións que se han realizar, determinando alcance obxectivo, subxectivo e temporal de cada unha delas. En todo caso, incluíranse nos Plans de Control Financeiro as entidades nas que a Deputación participe como socio, padroado ou membro se a súa participación é superior ao 50% das achegas anuais dos seus membros.

Ao longo do exercicio poderá modificarse o plan para incluír controis en virtude dalgunha solicitude ou mandato legal ou tamén por insuficiencia de medios. De tales modificacións tamén se dará conta ao Pleno da Corporación.

3.- O resultado de cada un dos informes de control permanente e das auditorías que se realicen documentarase en informes escritos, nos que se exporán de xeito claro e obxectivo os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións que se van tomar en consideración. Os informes serán remitidos ao órgano xestor e á Presidencia da Deputación, para que a través deste órgano se dea conta deles ao Pleno da Corporación.

4.- No Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña será de aplicación o previsto nas normas de aplicación xeral, no seu estatuto e na base 65 de execución do orzamento provincial.

5.- Na FAEPAC será de aplicación o previsto nas normas de aplicación xeral e no seu estatuto e na base 66ª de execución do orzamento provincial.



CAPÍTULO 4º.- CONTABILIDADE

BASE 37ª.- INFORMACIÓN CONTABLE.

A Presidencia da Deputación, por proposta da Intervención, poderá determinar os estados informativos e os rexistros contables que se estimen necesarios ou convenientes para o adecuado control e verificación das operacións realizadas con transcendencia económica, financeira ou patrimonial.

Con periodicidade mensual remitiráselle ao Pleno Corporativo a seguinte información:

- Estado de execución do orzamento do mes anterior e proxección das estimacións ao 31 de decembro.
- Estimación mensual dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.
- Período medio de pago a provedores en aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria, da Deputación, do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento e da fundación axencia enerxética Provincial (FAEPAC).
- Arqueo mensual de Tesourería.

En periodicidade trimestral remitirase ao Pleno Corporativo a seguinte información:

- Informe de morosidade da Deputación Provincial da Coruña.
- Obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto remitida a "*Oficina Virtual para a coordinación financeira coas entidades locais*".

Anualmente remitirase ao Pleno a seguinte información:

- Investimentos financeiramente sustentables
- Informe anual de acción de fomento da Deputación.
- Plan anual de control financeiro.



BASE 38ª.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL.

1ª.- A liquidación do orzamento xeral poñerá de manifesto o indicado no artigo 93 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

2ª.- Como consecuencia da liquidación do orzamento deberán determinarse:

- a) Os dereitos pendentes de cobranza e as obrigas pendentes de pago ao 31 de decembro.
- b) O resultado orzamentario.
- c) Os remanentes de crédito
- d) O remanente de tesourería.

3ª.- Tamén se recollerá información sobre os “investimentos financeiramente sustentables” nos termos expresados nas normas de aplicación.

4ª.- Corresponderalle á Presidencia da Deputación, despois do informe da Intervención Xeral, a aprobación da liquidación do orzamento da Deputación provincial. da Resolución da Presidencia a través da cal se aproba a liquidación do orzamento daráselle conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria posterior que se realice.

BASE 39ª.- REMANENTE DE TESOURERÍA.

1º) O remanente de tesourería da Deputación provincial estará integrado polos dereitos pendentes de cobranza, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos, todos eles referidos ao 31 de decembro do exercicio, nos termos establecidos nos artigos 191 a 193 bis do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas normas e criterios contidos na Instrución do modelo normal de contabilidade local, aprobado pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro.

2º) O remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais determínase minorando o remanente de tesourería no importe dos dereitos pendentes de cobranza que, en fin de exercicio, se consideren de difícil ou imposible recadación e no exceso de financiamento finalista producido nos gastos con financiamento afectado.

3º) O importe dos dereitos pendentes de cobranza de difícil ou imposible recadación virá dado polo saldo da conta 490 “Deterioración de valor de créditos” que corresponda a dereitos de carácter orzamentario ou non orzamentario incluídos no cálculo do Remanente de Tesourería. En todo caso, consideraranse dereitos de difícil ou imposible recadación sen que tal consideración implique a súa anulación ou baixa en contabilidade:

- a) Os dereitos recoñecidos por recursos propios recolleitos nos capítulos I, II e III do Estado de Ingresos, de antigüidade superior a un ano.
- b) Os dereitos recoñecidos por transferencias correntes e de capital nos que o acto administrativo de recoñecemento e liquidación do dereito produciuse en exercicios anteriores a aquel que é obxecto de liquidación.



c) Os debedores por conceptos non orzamentarios nos que transcorra máis dun ano desde a acreditación das circunstancias que habilitan á Deputación para a realización material do dereito pendente de cobranza.

d) En todo caso cando lle conste á Administración provincial que o debedor está nalgunha das situacións recollidas na Lei 22/2003, do 9 de xullo, recentemente modificada pola Real decreto-lei 11/2014, do 5 de setembro, de medidas urxentes en materia concursal, e pola Lei 17/2014, do 30 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial.

4º) O exceso de financiamento afectado estará constituído polas desviacións de financiamento positivas acumuladas a fin de exercicio, determinadas e calculadas na forma establecida nas normas e criterios contidos na Instrución do modelo normal de contabilidade local, aprobado pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro..

5º) O importe do remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais destinarase, prioritariamente e pola orde que se indica, aos seguintes fins:

- A financiar a achega provincial necesaria para a obrigatoria incorporación dos remanentes de crédito de gastos con financiamento afectado.
- A permitir a incorporación dos remanentes de crédito correspondentes a gastos legalmente comprometidos a través do oportuno expediente de incorporación de remanentes de crédito.
- Incorporación de remanentes correspondentes a gastos autorizados de carácter incorporable.
- Incorporación de remanentes relativos a gastos retidos pendentes de autorización de carácter incorporable.
- A financiar a execución no exercicio 2020 dos gastos legalmente autorizados ou comprometidos en exercicios anteriores que non sexan incorporables conforme as normas orzamentarias de xeral aplicación e que requiran de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito.
- A permitir a total imputación orzamentaria de posibles pagos pendentes de aplicación non orzamentarios e dos importes que excepcionalmente puidesen figurar no Balance ao 31 de decembro na conta 413 “Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento”, se non estivesen previstos ou fosen insuficientes os contemplados no orzamento do exercicio 2020.
- A cancelar total ou parcialmente operacións de crédito pendentes co fin de reducir o endebedamento neto a que se refire o artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. No entanto, se a normativa de estabilidade orzamentaria o permite, o superávit de operacións non financeiras destinarase aos investimentos financeiramente sustentables nos termos en que a dita normativa singular o estableza.
- A financiar novos gastos de interese público provincial que sexan compatibles cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de acordo coas normas estatais de xeral aplicación.



CAPÍTULO 5º.- TESOURERÍA PROVINCIAL

BASE 40ª.- RENDICIÓN DE CONTAS DO SERVIZO PROVINCIAL DE RECADACIÓN.

Pola Presidencia, e por proposta da Tesourería, determinarase o contido e periodicidade dos Estados e Contas a render polo Servizo Provincial de Recadación da súa xestión dos recursos propios e doutros entes públicos neste exercicio.

BASE 41ª.- APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DE DÉBEDAS.

A concesión de aprazamentos e fraccionamentos de ingresos públicos provinciais corresponderalle á Presidencia da Deputación.

A dispensa de garantías regularase na Ordenanza Fiscal Xeral da Deputación.

BASE 42ª.- XUROS DE MORA.

Non se practicará liquidación por xuros de mora cando a cantidade resultante por este concepto sexa inferior á establecida ou que poida establecerse no futuro mediante Resolución da Presidencia. (Actualmente 1 €, segundo Resolución da Presidencia nº 10.030 do 13/5/2010, modificada por Resolución nº 9.498 do 24/5/2013).



BASE 43ª.- MODIFICACIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS DE EJERCICIOS CERRADOS.

As baixas que se produzan no exercicio, relativas a dereitos e obrigas de exercicios cerrados tramitaranse de acordo coa súa normativa específica. Ás anulacións de liquidacións, insolvencias, prescrición e demais motivos de baixa de dereitos recoñecidos seranlles de aplicación os seguintes preceptos:

- Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais,
- Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, modificada pola Lei 34/2015, do 21 de setembro.
- Regulamento xeral de recadación aprobado por Real decreto 939/2005 do 29 de xullo.
- Ordenanza fiscal xeral da Deputación provincial.
- Instrucións e Circulares da Presidencia da Deputación.

Cando sexa preciso modificar os saldos iniciais de dereitos pendentes de cobranza e obrigas pendentes de pago, por mor de erros ou omisións na información contable e orzamentaria, co fin de garantir que a contabilidade reflecta a imaxe fiel da situación financeira e patrimonial da Deputación e garantir a permanente concordancia entre a información contable e a derivada doutros servizos provinciais, tramitarase o oportuno expediente no que, despois do informe da Intervención, a aprobación definitiva da modificación ou modificacións que se propoñan corresponderalle á Presidencia da Deputación.



TÍTULO IV.- GASTOS DE PERSOAL

CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS

BASE 44ª.- INCREMENTO DE RETRIBUCIÓN DO PERSOAL AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN

1.- As retribucións íntegas do persoal ao servizo desta Deputación provincial adecuaranse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2020 ou na norma estatal básica habilitante.

Co fin de dar cumprimento ás previsións contidas nos vixentes Acordo negociado de persoal funcionario e Convenio colectivo do persoal laboral, efectúanseas seguintes consignacións:

0710/221/127	Achega Plan de pensións do persoal funcionario	161.193,00 €
0710/221/162.00	Formación do persoal	49.107,00 €
0710/221/162.04	Acción social a favor do persoal	633.210,00 €
0710/221/162.05	Seguros do persoal	232.300,00 €
0710/221/831.00	Anticipos de pagas ao persoal	530.771,00 €
TOTAL		1.606.581,00 €

2.- Efectúase unha consignación global de 1.000 euros, na aplicación orzamentaria 0710/929/151.00 e 65.937,76 euros na aplicación orzamentaria 0710/929/151.01 con cargo ás cales se aboarán as gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo e traballos suplementarios.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e para a súa tramitación deberá constar expresamente no expediente a autorización concreta da Presidencia da Corporación para realizar o servizo de que se trate, despois dos informes preceptivos dos servizos de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e da Intervención Provincial.



3.- Na aplicación orzamentaria 0710/929/120.09 recóllese unha dotación de 1.300.137,21 €, para atender o previsible incremento de retribucións que se puidera determinar na futura Lei de orzamentos xerais do Estado para 2020. Estes importes están condicionados na aplicación e efectividade ao que se determine na devandita lei para o exercicio 2020 ou na norma estatal básica que se aprobe para tal fin.

4.- Consígnanse 153.000,00 euros na aplicación orzamentaria 0710/929/121.03 para atender os gastos que ocasione a valoración de postos de traballo que se poida realizar no exercicio 2020 para a mellora da eficacia dos servizos públicos (50.000,00 €) e para previsión da carreira profesional (103.000,00 €). Estes importes só poderán ser incrementados ou minorados e aplicados á súa finalidade a través do correspondente acordo plenario, despois da negociación cos representantes do persoal mediante o procedemento legalmente establecido, con respecto aos límites e condicións recollidas na Lei de orzamentos do Estado para 2020 e demais lexislación reguladora do persoal ao servizo das administración públicas.

5.- As consignacións das aplicacións orzamentarias que a continuación se detallan destinaranse a atender a totalidade dos gastos que se tramiten durante o exercicio polos conceptos correspondentes ata o 10 de decembro inclusive. Se houberse economías nas aplicacións citadas transferirase o seu saldo dispoñible a aplicación orzamentaria 0710/221/127 para incrementar a achega da Deputación aos Plans de Pensións do persoal. En todo caso para proceder a esta transferencia requirirase a acreditación de que se tramitaron todas as solicitudes presentadas ata esa data a través do informe expreso do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e realizaranse mediante a aplicación dunha contía idéntica para todo o persoal en activo nesa data.

0710/221/127	Achega Plan de pensións do persoal funcionario	161.193,00 €
0710/221/162.00	Formación do persoal	49.107,00 €
0710/221/162.04	Acción social a favor do persoal	633.210,00 €
0710/221/162.05	Seguros do persoal	232.300,00 €

Os importes asignados só poderán ser incrementados ou minorados e aplicados á súa finalidade a través do correspondente acordo plenario, previa negociación cos representantes do persoal mediante o procedemento legalmente establecido.

BASE 45ª.- NÓMINAS.

1. O pago de toda clase de retribucións aos funcionarios e demais persoal desta deputación efectuarase mediante nómina mensual.

2. Todas as nóminas confeccionaranse tomando en consideración o establecido na Resolución da Presidencia número 19.741 do 14 de novembro de 2007, sen prexuízo das súas modificacións que se aproben despois do informe-proposta do Servizo de Recursos Humanos, da Secretaría, da Intervención e a Tesourería provincial. Acompañarase un parte das variacións habidas nela en relación ao mes anterior, o abocado e subscrito polo Servizo de Recursos Humanos para a súa debida fiscalización.



3. As nóminas serán autorizadas pola Presidencia da Deputación e levarán a conformidade da Xefatura do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, pola que se entenderá acreditado que o persoal comprendido nelas prestou os servizos que se retribúen.

4. Todos os haberes do persoal que figuran nas nóminas mensuais serán pagos pola entidade bancaria da Deputación designada para o efecto pola Presidencia da Deputación mediante aboamento na conta da devandita entidade ou doutra que elixa o perceptor. O pago, nestes casos, xustificarse co documento acreditativo do aboamento ou da orde de transferencia da entidade coa que se ten concertado o servizo do pago de haberes.

BASE 46ª.- ANTICIPOS REINTEGRABLES A FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL

1.- Concederanse anticipos reintegrables aos funcionarios conforme ao establecido no artigo 26 do vixente Acordo Negociado de Condicións de Traballo e Dereitos Sindicais dos Funcionarios e ao persoal laboral conforme ao sinalado no artigo 21 do vixente Convenio colectivo do persoal laboral.

2.- Á extinción ou suspensión da relación de servizo coa Deputación provincial virá obrigado o persoal afectado, ao reintegro do importe pendente de reembolso nos prazos e co procedemento establecido con carácter xeral para outros ingresos de dereito público, mediante Resolución da Presidencia.

3.- Para os efectos indicados no parágrafo anterior non se considerarán suspensión da relación estatutaria ou laboral, os permisos ou licenzas legalmente establecidas ou as situacións de incapacidade laboral transitoria. Durante a vixencia de tales situacións temporais, o persoal funcionario ou laboral incurso nelas que tivese anticipos pendentes de reembolso e non perciba retribucións da Deputación provincial, efectuará os reintegros correspondentes por mensualidades, nas datas inicialmente determinadas, realizándose o ingreso directamente na Tesourería provincial.

CAPÍTULO 2º.- NORMAS SOBRE PERSOAL FUNCIONARIO

BASE 47ª.- PERSOAL FUNCIONARIO.

1º.- A contía dos diferentes conceptos retributivos que vai percibir o persoal funcionario será a que determine o Pleno da Corporación, despois da negociación colectiva dentro dos límites que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2020 ou a norma estatal básica habilitante, e axustarase ás seguintes normas:

- a) O soldo, trienios e pagas extraordinarias que correspondan aos diversos grupos de clasificación conforme o establecido no artigo 76 e na disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público, percibiranse nas contías sinaladas para o efecto na Lei de orzamentos do Estado para o ano 2020.
- b) O complemento de destino será o correspondente ao nivel do posto de traballo que desempeñe o funcionario, de acordo ao catálogo aprobado pola Corporación e a súa contía virá igualmente determinada pola que se fixe para o efecto pola Lei de orzamentos do Estado para o ano 2020.



c) O complemento específico será o asignado a cada posto de traballo na Relación de postos de traballo para o ano 2020 e non experimentará modificacións na súa contía anual sen prexuízo da reclasificación de determinados postos de traballo conforme a normativa vixente.

2º.- Efectúase unha consignación de 3.191.278,73 euros, na aplicación orzamentaria 0710/929/150.00, para persoal funcionario, con cargo á cal se aboarán o complemento especial de produtividade por obxectivos dos funcionarios, que están condicionados ao que permita a futura Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2020.

3º.- Consígnanse 50.000 € na aplicación orzamentaria 0710/929/121.03 para a valoración de postos de traballo e 103.000,00 € para previsión da carreira profesional. Estes importes so poderán ser aplicados efectivamente ás retribucións de cada posto de traballo a través do correspondente acordo plenario, despois da negociación cos representantes do persoal mediante o procedemento legalmente establecido, logo dos informes preceptivos previos do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e da Intervención provincial.

4º.- A actividade de formación prestada polo persoal propio funcionario e laboral será remunerada sempre que se realice fóra do horario fixo de presenza a que se refire a Resolución do Presidente sobre as normas xerais de control horario.

5º.- A contía que se ha percibir pola asistencia a Comisións Informativas ou de traballo e órganos colexiados de goberno e administración que se celebren fóra do horario fixo de presenza, por parte daqueles funcionarios que teñan atribuída a Secretaría destes por delegación do titular, ou sexan convocadas para informar ou asesorar naquelas, de acordo co establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio e lexislación que o desenvolve, percibirán as cantidades previstas para o secretario de categoría primeira no anexo IV do citado real decreto, sen prexuízo dos incrementos que se fixen para os funcionarios do Estado.

Exceptúanse do anterior e, en consecuencia, aboaranse en todo caso as asistencias pola participación en tribunais e concursos encargados da selección de persoal ou de probas cuxa superación sexa necesaria para o desempeño de postos de traballo incluídos no catálogo de postos de traballo naqueles casos que expresamente o autoricen as bases de cada convocatoria específica. Para ese efecto, unha vez coñecido o número de aspirantes admitidos, a Presidencia, a través da oportuna Resolución, despois do informe do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, fixará para cada convocatoria o número máximo de asistencias que poden percibirse tendo en conta as sesións previsibles segundo o número de aspirantes, o tempo necesario para a elaboración de exames, a súa corrección e outros factores de tipo obxectivo.

6º.- O importe do resto de indemnizacións por razón do servizo será igual ao sinalado pola normativa estatal aplicable. A xustificación da comisión de servizos presentarase no prazo máximo de dous meses seguintes ao seu acontecemento, para a súa tramitación e pago.

Para os efectos de axudas de custo os funcionarios de nivel 28 ou superior, serán asimilados ao grupo 1º contemplado no anexo 1 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio e lexislación que o desenvolve.

7º.- Seguindo o espírito de adecuación xeral ao réxime de Previsión Social de Funcionarios Cívís do Estado, as axudas que con carácter graciable viñan concedendo para diversas continxencias asistenciais non incluídas na cobertura do vixente réxime de Asistencia Sanitaria e Farmacéutica, serán as previstas na Resolución do 26 de xuño de 2014 da Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado pola que se regulan as prestacións complementarias da asistencia sanitaria, e normativa que a desenvolva. En relación ás facturas de axudas graciales con data do ano anterior ao da súa presentación na Deputación, e como criterio xeral, abonaranse a condición de que non transcorra máis de 6 meses entre ambas as datas (é dicir, entre a data de emisión da factura e a data da súa presentación na Deputación non pode transcorrer máis de 6 meses).



CAPÍTULO 3º.- NORMAS SOBRE PERSOAL LABORAL.

BASE 48ª.- PERSOAL LABORAL.

1º.- Con efectos do 1 de xaneiro de 2020 as retribucións do persoal laboral ao servizo da Deputación que esta a desempeñar as funcións ou postos clasificados como propios do persoal funcionario (disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público) adecuaráanse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2020 ou na norma estatal básica que se aprobe ao efecto. No entanto, estarase ao que determine o Pleno da Corporación, previa negociación cos representantes do persoal, e dentro dos límites que establece a lei antes citada e demais normativa aplicable.

2º.- A este persoal se aboará o complemento especial de produtividade por obxectivos co cargo a aplicación orzamentaria 0710/929/15000 que están condicionados ao que autorice a futura Lei de orzamentos xerais do Estado para 2020 ou a norma legal correspondente.

3º.- Previamente ao comezo das negociacións de convenios ou acordos colectivos que se celebren no ano 2020 deberá solicitárselle ao Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos un informe no que se cuantifique a masa salarial autorizada que constitúe o límite máximo das obrigas que poidan contraerse como consecuencia dos devanditos pactos, efectuándose da forma que se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2020.

4º.- Con anterioridade ao acordo ou sinatura de acordos ou convenios colectivos remitiráselle á Intervención para o seu informe o correspondente proxecto, acompañado da valoración de todos os seus aspectos económicos e masa salarial de referencia, por parte do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

CAPÍTULO 4º.- NORMAS SOBRE PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO, INTERINO E DIRECTIVO DAS ENTIDADES DO SECTOR PUBLICO PROVINCIAL

BASE 49ª.- PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO, INTERINO E DIRECTIVO DAS ENTIDADES DO SECTOR PUBLICO PROVINCIAL

1º.- Dentro do persoal de funcionarios, unida ao orzamento figura o número e características do persoal eventual para o exercicio 2020. Así mesmo figuran nas aplicacións orzamentarias de Goberno e alta dirección as contías das retribucións que van percibir estes segundo o posto de traballo que desempeñen

2º.- Durante a vixencia do orzamento, soamente se nomearán funcionarios interinos nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 8 do Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia (decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo), efectuándose a provisión de postos de traballo e cesamento neles de conformidade á normativa en vigor.



Durante o ano 2020 non se procederá á contratación de persoal temporal nin ao nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e de acordo co que determine a futura Lei de orzamentos xerais do Estado para 2020 ou a norma legal correspondente. En calquera caso, as prazas correspondentes aos nomeamentos a que se refire o artigo 10.1.a) da Lei 7/2007 e contratacións de persoal interino por vacante computarán para efectos de cumprir o límite máximo da taxa de reposición de efectivos na oferta de emprego público correspondente ao mesmo ano en que aqueles se produzan e, se non fose posible, na seguinte oferta de emprego público, salvo que se decida a súa amortización.

3º.- O réxime retributivo do persoal directivo das entidades do sector público provincial será o que fixe o Pleno na aplicación do sinalado no artigo 35 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, do Decreto 119/2012, do 3 de maio, regulador das retribucións e percepción económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico e ao Real decreto número 451/2012, do 5 de marzo, regulador do réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial. As súas retribucións fixas máximas estarán dentro das sinaladas na lexislación autonómica e na Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para ese exercicio.

CAPÍTULO 5º.- RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

BASE 50ª.- RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

De conformidade co disposto no artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL), no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA), nos artigos 12 e 13 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), no artigo 18 do Real decreto-lei 24/2018, do 21 de decembro, de medidas urxentes na materia de retribucións no ámbito do sector público e no Acordo plenario do 23 de xullo de 2019.

1.- Retribucións dos membros en réxime de dedicación exclusiva en cómputo anual

Presidencia	71.523,20 €
Vicepresidencia	63.000,00 €
Deputados/as con exclusiva total	60.426,57 €
Deputados/as con dedicación exclusiva parcial	30.213,28 €



Nesta Corporación hai 13 deputados/as con dedicación exclusiva total e 2 deputados con dedicación exclusiva parcial, de conformidade co acordo aprobado no punto 11 da sesión organizativa adoptada polo Pleno do día 23 de xullo de 2019.

As cantidades asignadas aos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou media dedicación percibiranse mensualmente na parte que corresponda.

Estas cantidades revisaranse anualmente a partir do 01/01/2020 e actualizaranse na mesma porcentaxe na que aumenten ou diminúan de forma xeral as retribucións básicas dos funcionarios de carreira do Grupo A1.

2.- Seguro de vida e accidentes.

Efectúase unha consignación de 15.000,00 € na partida orzamentaria 00.00/912.00/162.05 destinada ao seguro de vida e accidentes dos membros electos da corporación. O importe da prima correspondente terá o carácter de retribucións en especie, para todos os efectos e tomarase en consideración para o cómputo dos límites legais establecidos nas normas de aplicación.

3.- Indemnizacións por preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial.

Pola preparación de asuntos e concorrencia efectiva ás sesións de órganos de goberno da Deputación provincial, os membros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva, percibirán en concepto de asistencias os seguintes importes:

Sesións plenarias: 591,00 euros.

Sesións da Xunta de Goberno: 370,00 euros.

Reunións das Comisións informativas: 370,00 euros.

Cando coincidan no mesmo día máis dunha sesión dos órganos colexiados descritos, terán dereito a percibir unha soa asistencia, polo que se tomará en consideración para tal fin, cando así proceda, a de maior importe das realizadas.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva. Para tal efecto os deputados provinciais presentarán a relación das asistencias, e dos gastos de locomoción soportados para a concorrencia efectiva as sesións formalmente convocadas, no modelo que lles será



proporcionado polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. A relación citada, xunto cos xustificantes oportunos de gasto e pago, formularase no prazo máximo dos dous meses seguintes ao seu devengo, para a súa tramitación e pago.

Ningún deputado poderá percibir máis de CATRO asistenciais ao mes por sesións das Comisións informativas, agás as do mes de setembro e aquelas que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior. Así mesmo, ningún deputado poderá percibir máis de dúas asistenciais ao mes por sesións da Xunta de Goberno, agás as do mes de setembro, e aquelas que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior.

4.- Asistenciais a sesións formalmente convocadas da Xunta de Portavoces, da mesa de contratación e das comisións de traballo ou tribunais de valoración dependentes desta Corporación.

Todos os membros da Corporación que se designen formalmente para formar parte de comisións de traballo, mesa de contratación ou tribunais de valoración de subvencións ou premios convocados por órganos dependentes desta Corporación, percibirán pola asistencia ás sesións formalmente convocadas que se celebren, as cantidades dispostas no anexo 4º, categoría primeira do Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan, cando así se determine expresamente no acordo ou resolución de nomeamento.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados citados neste apartado 4 dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva, que só percibirán os gastos de locomoción cando as sesións se desenvolvan fóra da xornada laboral.

5.- Indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizo encomendadas a cargos electos.

En materia de indemnización por comisións de servizos rexerá o Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan coas particularidades seguintes:

- a) Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.
- b) Por manutención aboarase tamén o importe dos gastos efectivamente realizados sempre que o xustifiquen adecuadamente mediante facturas expedidas para o efecto, dentro dos límites de aplicación aos funcionarios do grupo A1.
- c) Cando a comisión de servizos de cargos electos inclúa tamén a funcionarios de carreira, persoal laboral ou eventuais, aplicaráselles a todos eles o réxime de indemnizacións establecido neste apartado para os cargos electos.



6.- Co fin de poder cumprir os límites establecidos no artigo 75bis da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 28.3, 32 e 33 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo e no artigo 18 do Real decreto-lei 24/2018, do 21 de decembro, de medidas urxentes na materia de retribucións no ámbito do sector público, teranse en conta os seguintes criterios de actuación:

-Os deputados provinciais que desenvolvan os seus labores con dedicación exclusiva na Deputación provincial deberán achegar, antes do 1 de marzo de cada exercicio, ou no mes seguinte á data efectiva da finalización da súa dedicación exclusiva na Deputación, a declaración de todos os importes percibidos pola concorrencia a reunións dos órganos colexiados da administración e dos organismos públicos e de Consellos de administración de empresas con capital ou control público.

-Servizo de Persoal da Deputación comunicaralles aos respectivos concellos o importe das asistencias percibidas polos deputados sen dedicación exclusiva na Deputación, antes do 1 de marzo do exercicio seguinte a súa percepción, excepto no ano de finalización do mandato, que o farán no mes seguinte á súa data efectiva.

-Anualmente, no primeiro trimestre do exercicio, ou no mes inmediato posterior á finalización do mandato corporativo ou do cesamento da dedicación exclusiva na Deputación, o Servizo de Persoal realizará as adecuacións oportunas para garantir o cumprimento dos límites legais establecidos nas normas de aplicación.



TÍTULO V.- SUBVENCIONES E TRANSFERENCIAS

CAPÍTULO ÚNICO.- NORMAS XERAIS ÁS QUE DEBERÁN AXUSTARSE AS SUBVENCIONES E TRANSFERENCIAS QUE OUTORGUE A DEPUTACIÓN DURANTE O EJERCICIO 2020

BASE 51ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. A execución orzamentaria dos créditos consignados nos capítulos IV (Transferencias correntes) e no capítulo VII (Transferencias de capital) rexeranse polas seguintes normas:
 - a) As achegas que teñan o carácter de subvención, consonte ao concepto definido no artigo 2 da Lei 38/2003 e mesmo artigo da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, serán tramitadas de acordo disposto na lexislación citada e na Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, publicada no BOP número 72, do 15 de abril de 2019.
 - b) As achegas aos municipios da provincia incluídas nos Plans de cooperación ás obras e servizos municipais seguirán a normativa propia de cada plan aprobada polo Pleno da Corporación.
 - c) Os premios que se outoguen sen previa solicitude do beneficiario regularanse pola súas bases específicas, que deberán ser obxecto de aprobación e publicación no Boletín Oficial da Provincia.
 - d) Tamén se regularán polas súas bases específicas as axudas para adquisición de vivenda, as bolsas de estudo e as axudas gratificables que configuren a acción social da Deputación a prol do seu persoal.
 - e) As subvencións destinadas á cooperación internacional xestionadas polo Servizo de Desenvolvemento territorial e medio (código 0520) regúlanse pola normativa específica que lles sexa de aplicación, de conformidade co disposto na Disposición adicional décima oitava da Lei xeral de Subvencións e na Disposición adicional segunda da Lei de Subvencións de Galicia.
 - f) As becas para estudos, perfeccionamento artístico ou deportivo, rexeranse polas bases específicas aprobadas para o efecto, debendo a persoa beneficiaria cumprir en todo caso os requisitos xerais establecidos pola Lei xeral de Subvencións e Lei de subvencións de Galicia.
 - g) As axudas ao persoal bolseiro estarán reguladas polo convenio ou bases reguladoras aprobadas para o efecto, debendo as persoas beneficiarias estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



2. Para os efectos da xestión orzamentaria e procedemento administrativo a seguir, distínguense as tres categorías de achegas que se citan:

- 2.a) Transferencias correntes a prol das entidades adscritas á Deputación no Inventario de entidades do Sector público.
- 2.b) Cotas de socio, patrón ou membro de pleno dereito de asociacións, fundacións ou outras entidades asociativas
- 2.c) Subvencións correntes e de capital

BASE 52ª.- COTAS DE SOCIO E ACHEGAS DE PATRÓN PARA O EXERCICIO 2020

1. No exercicio 2020 tramitaranse as cotas de socio e achegas de patrón que a continuación se detallan aos perceptores e polos importes máximos que se indican na presente base, de acordo ao procedemento establecido no artigo 51 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

2. En todo caso, a dotación orzamentaria ou o reflexo na presente base non supoñen compromiso provincial de outorgamento das cotas nin comportará dereito subxectivo ningún. Para tal fin requirirase, en todo caso, a tramitación do oportuno expediente administrativo e a adopción do acordo correspondente polo órgano competente, logo de que se teña notificado á persoa representante da Deputación a proposta e orde do día no que se vaia a fixar o importe da cota anual.

3. Para o exercicio 2020 están dotadas no orzamento as cotas que a continuación se detallan:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NIF ENTIDADE	NOME ENTIDADE	OBXECTO	IMPORTE CONSIGNADO
0110/920.10/480	G62771498	Fundacio Privada Democracia I Gobern Local	Cota de socio ano 2020	10.000,00
0110/920.10/480	G28783991	FEMP	Cota de socio ano 2020	90.000,00
0110/920.10/480	V15160963	FEGAMP	Cota de socio ano 2020	60.000,00
0510/432.1/480	G28783991	FEMP (Sección entidades locais con augas minerais y termales)	Cota de socio ano 2020	3.000,00
0520/231.31/480	G15629629	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	Cota de socio ano 2020	14.400,00
0612/333.1/480	G15037195	Patroanato do Museo do Pobo Galego	Cota de socio ano 2020	25.000,00
0612/334.1/480	G15140023	Fundación Galicia Europa	Cota de patrón ano 2020	15.000,00
0612/334.1/480	G15597289	Fundación Universidade da Coruña	Cota de patrón ano 2020	1.200,00
0612/334.3/480	G82577685	Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de Titularidad Pública	Cota de socio ano 2020	1.500,00
TOTAL COTAS EXERCICIO 2020				220.100,00

4. Para a adecuada xustificación da aplicación das cotas ao gastos correntes e de funcionamento de cada unha das entidades, deberase achegar á solicitude de pagamento a documentación esixida no artigo 51 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.



BASE 53ª.- SUBVENCIONS NOMINATIVAS QUE SE TRAMITEN DURANTE O EXERCICIO 2020

1. No orzamento ao que se refiren estas bases téñense dotado créditos orzamentarios para atender as subvencións que se detallan no seguinte cadro, cuxa concesión directa deberá tramitarse conforme ao previsto na Sección Segunda do Capítulo II da Ordenanza xeral de Subvencións e transferencias. Igual procedemento haberá de seguirse para a eventual concesión directa ao longo do exercicio orzamentario de calquera outra subvención nominativa non prevista seguidamente.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NIF ENTIDADE	NOME ENTIDADE	OBXECTO	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE CONSIGNADO
0111/3344/481	G15154610	Mesa pola Normalización Lingüística (A MESA)	A liña do galego 2020		34.000,00
0111/3344/481	G70325683	Asociación Cultural Correlingua	Correlingua 2020		20.000,00
0112/3269/45390	Q6550005J	Universidade da Coruña	Cátedra de dereito administrativo		20.000,00
0112/3335/46201	P1503000J	Concello da Coruña (IMCE)	Xestión compartida Teatro Colón		250.000,00
0112/462/453.90	Q1518001A	Universidade Santiago de Compostela	Escola de práctica xurídica. Gastos de funcionamento e prácticas do alumnado.		48.000,00
0510/333.1/481	G15944564	Fundación EXPONAV	Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da construción naval		125.000,00
0510/334.1/462.01	P1501600I	Concello de Camariñas	Encaixe de Camariñas		120.000,00
0510/334.1/462.01	P1504400A	Concello de Malpica de Bergantiños	Mostra Olería de Buño		80.000,00
0520/172.21/481	G15620651	Fundación Santiago Rey Fernandez-Latorre	Proxecto Voz Natura 2020		72.000,00
0611/231.21/462.01	P1503100H	Concello de Culleredo	Mantemento xeral e reserva de prazas no Centro Ocupacional "A Escada"		70.000,00
0611/231.21/462.01	P1501900C	Concello de Carballo	Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias		30.000,00
0611/231.21/467.01	P1500011J	Consortio As Mariñas	Servizo de asesoría xurídica social especializada		60.000,00
0611/231.21/481	V15279219	Comité Ciudadano Anti-Sida da Coruña (CASCO)	Mantemento da rede de pisos de acollida		60.000,00
0611/231.21/481	G15798655	Fundación Paideia Galiza	Programa de voluntariado social en países europeos		17.000,00
0612/334.1/481	Q15680003F	Real Academia Galega	Programación do ano 2020		60.000,00
0612/334.1/481	Q1568002H	Real Academia de Bellas Artes Nuestra Señora del Rosario	Programación do ano 2020		20.000,00
0612/334.3/467.01	P6503001G	Consortio para Promoción Música de La Coruña	Programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no 2020		1.500.000,00
TOTAL SUBVENCIONS NOMINATIVAS ANO 2020					2.586.000,00



2. En calquera caso, a dotación orzamentaria constitúe unha mera previsión e non supón compromiso provincial esixible polas entidades citadas nin comporta dereito subxectivo ningún.
3. O eventual outorgamento dalgunha outra subvención nominativa ao longo do exercicio orzamentario deberá tramitarse consonte ao previsto na normativa indicada anteriormente.
4. En ningún caso se poderán outorgar subvencións nominativas a entidades asociativas que non teñan un número de socios ou partícipes superior a 25 membros de pleno dereito, excepto as fundacións, federacións e aquelas entidades singulares que se rexerán pola súa normativa específica.
5. Con carácter xeral, o importe das subvencións nominativas que se tramiten no exercicio 2020 non debe superar o 80 por 100 do custo da actividade ou proxecto subvencionado. Exceptúanse do disposto anteriormente as subvencións nominativas nas que o Pleno poida acordar, por razóns de excepcional interese público, o financiamento total da actividade ou proxecto, unha vez que a entidade beneficiaria teña acreditado a imposibilidade de realizar achega ningunha e que a súa promoción da actividade ou proxecto resulta máis eficiente financiamento do custo total da actividade ou proxecto subvencionado, o financiamento do custo total
6. Non poderá outorgarse máis dunha subvención provincial a mesma persoa beneficiaria e para o mesmo período subvencionado independentemente do seu obxecto. Para estes efectos teranse en conta tanto as subvencións nominativas como as outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, agás que as bases das convocatorias excepcionalmente o autoricen. Cando se poida producir unha situación de incompatibilidade, corresponderá ao órgano concedente, a instancia da persoa solicitante, determinar a opción correspondente.
7. As achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:
 - a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.
 - b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.
 - c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.
 - d) En todo caso o beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...” Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta



circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado una infracción simple e sancionada co importe que resulte da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

8. O acordo de concesión e o convenio subscrito para o efecto deberá concretar todos os elementos necesarios para a axeitada xustificación da subvención, nos termos previstos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación e consonte ao modelo-tipo que corresponda aprobado polo Pleno da Corporación.
9. Con carácter xeral as subvencións nominativas terán carácter anual e non xerarán ningún dereito adquirido polo perceptor para exercicios posteriores. Só en circunstancias excepcionais e por acordo Plenario debidamente motivado, de conformidade co establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, poderán adoptarse compromisos de gasto por subvencións nominativas de carácter plurianual, despois da acreditación do carácter plurianual da actividade ou investimento obxecto da subvención para cuxo efecto o expediente tramitado deberá conter un programa anual no que se detallan e cuantifiquen as tarefas, actividades ou investimentos que van realizar en cada exercicio orzamentario de imputación. En todo caso deberán tomarse en consideración as disposicións contidas no artigo 57 do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

BASE 54ª.- CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

1. Estas subvencións outorgaranse baixo os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e transparencia.
2. A aprobación das convocatorias de subvencións corresponderalle á Xunta de Goberno por delegación da Presidencia da Deputación debendo promoverse a convocatoria preferentemente dentro do primeiro trimestre do exercicio ou mesmo, no último trimestre do exercicio anterior, co carácter de tramitación anticipada de gasto e baixo a condición suspensiva de que exista crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio correspondente. De acordo co anterior non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada.
3. No expediente administrativo incorporarase unha memoria explicativa dos obxectivos que se pretenden conseguir e do importe global da subvención que se ha outorgar. Este documento ha de cumprir coas esixencias de programación previstas no artigo 8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e os artigos 10 e seguintes do regulamento que a desenvolve (RD 887/2006, do 21 de xullo), ou, polo menos, fará referencia aos programas de subvencións aprobados para a mesma finalidade por outras administracións públicas, á compatibilidade ou incompatibilidade da subvención provincial coas outorgadas por outras administracións públicas e ás medidas de coordinación previstas. No informe-proposta da unidade xestora determinarase a denominación, importe máximo que se ha outorgar e a aplicación orzamentaria do correspondente programa.



4. Unha vez aprobada a convocatoria será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, na páxina de internet da deputación e remitiranse á Base de Datos Nacional de Subvencións para dar cumprimento ao establecido no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na redacción dada pola Lei 15/2014, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
5. As bases de cada convocatoria de subvencións deberán aterse ao previsto no artigo 9.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

BASE 55ª.- CONTROL FINANCEIRO POSTERIOR DAS SUBVENCIÓNS.

1. De conformidade co previsto no Capítulo IV da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, o órgano interventor incluírá no Plan anual de control financeiro un apartado específico relativo ao control financeiro de subvencións xustificadas e pagadas nun ano anterior, co fin de realizar as seguintes comprobacións:

- a) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da persoa beneficiaria.
 - b) O cumprimento por parte da persoa beneficiaria das súas obrigas na xestión e aplicación das subvencións.
 - c) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da persoa beneficiaria.
 - d) A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada pola persoa beneficiaria, foron financiadas coa subvención.
 - e) O correcto financiamento das actividades subvencionadas, nos termos establecidos no apartado 3 do artigo 19 da Lei 38/2003.
 - f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración pola persoa beneficiaria e que poidera afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á adecuada e correcta obtención, utilización, goce ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.
2. Sen prexuízo das actuacións que se propoña en cada un dos informes que se emitan, unha vez concluído totalmente o Plan de control financeiro dun exercicio, o órgano interventor elaborará un informe no que se resume o resultado global das accións de control levadas a cabo e as propostas de actuacións oportunas. A Presidencia remitirá ao Pleno as conclusións e propostas de actuación que estime convenientes.



BASE 56ª.- AXUDAS AO PERSOAL BOLSEIRO

1. O persoal bolseiro que desenvolva na Deputación prácticas bolseiras derivadas de convenios con outras administracións ou entidades ou a través de convocatorias públicas percibirá unha bolsa de 920,00 € mensuais brutos co obxecto de cubrir as necesidades básicas do alumno en desprazamentos, manutención e aloxamento, nos casos en que o prevexa o convenio ou as bases reguladoras.
2. O importe das prácticas bolseiras estará suxeita á normativa vixente canto a obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

BASE 57ª.- ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno do 23 de xullo pasado acordou, despois da dotación orzamentaria correspondente e o seu regulamento nas bases de execución do orzamento, fixar unha dotación para o financiamento dos grupos políticos provinciais cos seguintes compoñentes:

Fixo: Dous mil euros ao mes a cada grupo político.

Variable: Cincocentos euros por deputado ao mes.

Partindo da composición política actual da Corporación provincial resulta o que segue:

Grupo Político	Nº	Contía variable	Contía fixa	Total mes	Total trimestre	Total semestre	Total ano
PP	14	7.000,00	2.000,00	9.000,00	27.000,00	54.000,00	108.000,00
PSOE	11	5.500,00	2.000,00	7.500,00	22.500,00	45.000,00	90.000,00
BNG	4	2.000,00	2.000,00	4.000,00	12.000,00	24.000,00	48.000,00
ALTERNATIVA DOS VECIÑOS	1	500,00	2.000,00	2.500,00	7.500,00	15.000,00	30.000,00
MAREA ATLÁNTICA	1	500,00	2.000,00	2.500,00	7.500,00	15.000,00	30.000,00
Totais	31	15.500,00	10.000,00	25.500,00	76.500,00	153.000,00	306.000,00



No cumprimento do devandito acordo plenario procede regulamentar o réxime xurídico, económico e de xestión da asignación dos grupos políticos provinciais, que será o sinalado nas seguintes regras:

- 1^a Cada grupo político terá de solicitar na Axencia tributaria do estado o número de identificación fiscal coa denominación de “Grupo provincial ...”
- 2^a Abrir unha conta bancaria ao nome do grupo e baixo o devandito número de identificación fiscal.
- 3^a Nomear a un membro do grupo coma autorizado para dispoñer dos fondos da conta bancaria e responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións tributarias que procedan e dar conta da xestión económica para o efecto de xustificar o destino dos fondos acadados.
- 4^a Os grupos provinciais terán que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que poñerán ao dispor do Pleno nos termos sinalados na presente base. Admitiranse uns rexistros contables por “partida simple” e a aplicación do principio de caixa. O procedemento da partida simple consiste en levar conta das operacións económicas das entradas e saídas e as dispoñibilidades do diñeiro. O principio de caixa supón a imputación dos ingresos e gastos no momento no que produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. Os libros de contabilidade que hai que utilizar serán: libro de gastos, ingresos e caixa. Nos libros de gastos e ingresos rexistraranse por orde cronolóxica todas as operacións relativas a eles en función da súa natureza:

DATA	Nº operación ingreso (gasto)	Concepto	Importe

No libro de caixa rexistraranse as entradas e saídas do efectivo, consignando as primeiras no debe e as segundas no haber, resultando deste xeito as existencias do efectivo en cada momento ou saldo.



Nº operación ingreso	Nº operación gasto	Concepto	Debe (ingresos)	Haber (pagos)	Saldo

- 5ª O responsable contable do grupo terá de conservar a documentación xustificativa dos gastos, pagos e ingresos do grupo polo tempo que se fixe e por disposición dos órganos de control interno e externo que o precisen no exercicio das súas funcións legais esa documentación, así coma os seus rexistros contables e bancarios.
- 6ª Esta asignación non será compatible co financiamento público ou privado para a mesma finalidade, nin aplicarse ao financiamento dos partidos políticos presentes na Corporación provincial. Excepcionalmente poderán atender os gastos de funcionamento do grupo político que se xestionaron a través do partido político cando se dean as seguintes condicións:
- Achegar copias cotexadas dos xustificantes do gasto e do pago efectuado polo partido político.
 - Incorporar o informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial poñendo de manifesto a relación do gasto imputado coa actividade do grupo.
 - Informe-memoria do responsable da Contabilidade do Partido Político no que se poña de manifesto o criterio de imputación de custos establecido para a atribución do importe correspondente aos gastos de funcionamento do grupo político provincial, determinado conforme as normas e principios contables de aplicación.
- 7ª Os grupos políticos non poderán ter a condición de empresario ou empregador, á que se refire o artigo 1 do Estatuto dos traballadores (Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo), en ningunha relación individual de traballo.
- 8ª A dotación económica concedida poderase destinar ás seguintes clases de gastos:
- 202 Arrendamento de edificios e outras construcións.
 - 204 Aluguer de material de transporte.
 - 205 Aluguer de mobiliario e aveños.
 - 206 Aluguer de equipos para procesos de información.



220.00 Material de escritorio común non inventariable.
220.01 Prensa, revistas, libros e outras publicacións.
220.02 Material informático non inventariable.
222 Comunicación (todos os subconceptos).
223 Transportes.
226.01 Atencións protocolarias e representativas
226.02 Publicidade e propaganda.
226.04 Xurídicos.
226.06 Reunións e conferencias.
227.02 Traballos de valoracións e peritaxe.
227.06 Estudos e traballos técnicos.
227.99 Outros traballos profesionais

Os gastos aplicables a cada concepto serán os que se describen na Orde de EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais

- 9ª Para os efectos dispostos polo artigo 73.3 da Lei 7/1985 terán a consideración de activos fixos de carácter patrimonial, todos os bens que reúnan algunha das seguintes características:
- a. Que non sexan bens funxibles.
 - b. Que teñan unha duración previsiblemente superior ao exercicio orzamentario.
 - c. Que sexan susceptibles de inclusión no inventario.
 - d. Ser gastos que previsiblemente non sexan reiterativos.
- 10ª Cando o contrato formalizado polo grupo supere o importe disposto no artigo 138.3 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro) (contratos menores) terá que acreditar solicitar polo menos tres ofertas de distintos contratistas.
- 11ª Admitiranse como xustificante dos gastos as facturas ou recibos nos que se identifique o concepto, importe, provedor e grupo político destinatario e cumpran o contido disposto na lexislación tributaria (artigos 6 e 7 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, regulador dos



deberes de facturación). As facturas simplificadas e os tickets dos establecementos comerciais só serán admitidas nos supostos dispostos no artigo 4 do Real decreto 1619/2012.

- 12^a Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gastos haberá que achegalos como xustificación do destino dado aos fondos librados anticipadamente como “pagos que hai que xustificar”.
- 13^a O pagamento será trimestral e terá a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixirán a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos primeiros dez días do mes de decembro de cada exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.
- 14^a Os pagamentos terán de facerse utilizando uns medios -transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, talón bancario ou cheque nominativo- que aseguren o seu rexistro na conta bancaria do grupo e a identificación do seu destinatario. Só, excepcionalmente, se admitirá o pago en efectivo para importes inferiores a cen euros e sempre deixando constancia documental da efectividade do pago ao terceiro debidamente identificado.
- 15^a Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do presidente.
- 16^a A documentación xustificativa dos pagos aos grupos e a súa tramitación publicarase no Portal da transparencia da Deputación co contido permitido pola lexislación vixente.
- 17^a Informarase o Pleno provincial dos importes satisfeitos e os xustificados durante o exercicio económico, con ocasión da presentación da liquidación anual dos orzamentos.



TÍTULO VI.- ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

CAPÍTULO ÚNICO.- O ORZAMENTO DO CONSORCIO E A SÚA XESTIÓN

BASE 58ª.- O ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.

1º.-Incorpórase ao expediente do orzamento Xeral da Deputación o proxecto de orzamento inicialmente formulado para o exercicio 2020 polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña , que presenta o seguinte resumo por capítulos da súa clasificación económica:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	7.224.989,92
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.576.720,58
III.- TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	2.474.815,53	III.- GASTOS FINANCEIROS	500,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.460.525,53	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	508.695,10
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREV.	124.435,46
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	9.935.341,06	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	9.435.341,06
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	500.000,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	500.000,00
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	9.935.341,06	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	9.935.341,06

2º.- O estado de consolidación do orzamento provincial e do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña é o que se recolle a continuación:



INGRESOS				GASTOS			
CAPÍTULOS	DEPUTACIÓN	CONSORCIO	CONSOLIDADO	CAPÍTULOS	DEPUTACIÓN	CONSORCIO	CONSOLIDADO
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	16.567.744,50	0,00	16.567.744,50	I.- GASTOS DE PERSOAL	49.421.510,92	7.224.989,92	56.646.500,00
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	15.250.362,65	0,00	15.250.362,65	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	28.732.525,32	1.576.720,58	30.309.245,90
III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	11.814.615,46	2.474.815,53	14.289.430,99	III.- GASTOS FINANCEIROS	61.000,00	500,00	61.500,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	139.815.177,39	7.460.525,53	143.545.440,16	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	55.222.242,76	508.695,10	52.000.675,10
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	68.600,00	0,00	68.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	3.672.200,00	124.435,46	3.796.635,46
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	183.516.500,00	9.935.341,06	189.721.578,30	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	137.109.479,00	9.435.341,06	142.814.556,46
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	0,00	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	16.746.250,00	500.000,00	17.246.250,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.929.000,00	0,00	6.929.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	500.000,00	0,00	500.000,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	23.231.771,00	0,00	23.231.771,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	500.000,00	0,00	500.000,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	46.907.021,00	500.000,00	47.407.021,00
TOTAL ORZAMENTO	184.016.500,00	9.935.341,06	190.221.578,30	TOTAL ORZAMENTO	184.016.500,00	9.935.341,06	190.221.577,46

3º.-As achegas da Deputación ao consorcio recollidas nas previsións orzamentarias para o ano 2020 son as seguintes:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
05.10/943.1/467.00	Transferencias correntes	3.223.267,66
05.10/943.1/467.01	Subvencións corren tes	506.995,10
Total achega Deputación		3.730.262,76

O importe previsto para transferencias correntes librarase por trimestres vencidos en función do gasto acreditado no período inmediatamente anterior na contía correspondente á achega provincial por este concepto.

A contía establecida para a subvención prevista librarase nas condicións que determine o Consorcio co concello de Ferrol no convenio que aproben ao efecto.

4º.- A execución do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña adaptarase ao establecido nos seus Estatutos e nas bases de execución do seu orzamento. En todo caso, deberá adaptarse ao réxime xurídico, orzamentario e contable, de control económico-financeiro e patrimonial establecido para as entidades locais, sen prexuízo da súa suxeición ao disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



5º.- Para dar cumprimento ao establecido no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento achegará o seu orzamento e os datos de aprobación da súa liquidación e da súa conta xeral para que estes documentos sexan incorporados ao orzamento provincial e á liquidación e á conta xeral da deputación, en tempo e forma para a súa adecuada tramitación.

6º.- Para poder elaborar a información prevista na normativa de estabilidade orzamentaria, o Consorcio Provincial deberá enviarlle á Deputación a documentación necesaria na forma e prazos establecidos e coa antelación suficiente para a elaboración dos estados, informes e avaliacións que procedan sobre os datos consolidados da deputación provincial e o consorcio.

7º.- As funcións de fiscalización de gastos e ingresos, as tarefas de contabilidade, a elaboración dos informes preceptivos en materia económico-financeiro e as demais que integran a función interventora no Consorcio serán exercidas por Secretaría-intervención do Consorcio, nos termos establecidos na normativa reguladora das entidades locais de Galicia.

8º.- En todo caso, con carácter previo á tramitación de convenios colectivos ou acordos negociados co persoal laboral ou funcionario remitiranse as propostas ao Pleno da Corporación que, á vista dos informes preceptivos, adoptará o acordo oportuno.



TÍTULO VII.- ORZAMENTO DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA

CAPÍTULO ÚNICO.- O ORZAMENTO DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA E A SÚA XESTIÓN

BASE 59ª.- O ORZAMENTO DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC).

1º.- Ao expediente de Orzamento Xeral da Deputación incorpórase o Plan de Actuación e a Conta de Perdas e Ganancias da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña para o exercicio 2020, cuxo resumo por capítulos da clasificación económica de ingresos e gastos orzamentarios establecida pola Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo.

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0	I.- GASTOS DE PERSOAL	192.117,80
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	69.114,10
III.- TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	43885,89	III.- GASTOS FINANCEIROS	224,88
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	222.666,66	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	0
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	266.552,55	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	261.456,78
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0	VI.- INVESTIMENTOS REAIS (1)	5.095,77
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	5.095,77
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	266.552,55	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	266.552,55

(1) Inclúe o importe de 3.556,54 € no concepto de amortización do inmovilizado.



2º.-O estado de consolidación do orzamento provincial co orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento e co orzamento da FAEPAC é o que se recolle a continuación:

INGRESOS					GASTOS				
CAPÍTULOS	DEPUTACIÓN	CONSORCIO	FAEPAC	CONSOLIDADO	CAPÍTULOS	DEPUTACIÓN	CONSORCIO	FAEPAC	CONSOLIDADO
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	16.567.744,50	0,00	0,00	16.567.744,50	I.- GASTOS DE PERSOAL	49.421.510,92	7.224.989,92	192.117,80	56.838.618,64
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	15.250.362,65	0,00	0,00	15.250.362,65	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	28.732.525,32	1.576.720,58	69.114,10	30.378.360,00
III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	11.814.615,46	2.474.815,53	43.885,89	14.333.316,88	III.- GASTOS FINANCEIROS	61.000,00	500,00	224,88	61.724,88
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	139.815.177,39	7.460.525,53	222.666,66	143.579.606,82	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	55.222.242,76	508.695,10	0,00	51.812.175,10
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	68.600,00	0,00	0,00	68.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	3.672.200,00	124.435,46	0,00	3.796.635,46
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	183.516.500,00	9.935.341,06	266.552,55	189.799.630,85	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	137.109.479,00	9.435.341,06	261.456,78	142.887.514,08
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	0,00	0,00	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	16.746.250,00	500.000,00	5.095,77	17.251.345,77
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.929.000,00	0,00	0,00	6.929.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	500.000,00	0,00	0,00	500.000,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	23.231.771,00	0,00	0,00	23.231.771,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	500.000,00	0,00	0,00	500.000,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	46.907.021,00	500.000,00	5.095,77	47.412.116,77
TOTAL ORZAMENTO	184.016.500,00	9.935.341,06	266.552,55	190.299.630,85	TOTAL ORZAMENTO	184.016.500,00	9.935.341,06	266.552,55	190.299.630,85

3º.- As achegas da Deputación á FAEPAC consignadas nas respectivas previsións orzamentarias para o ano 2020 son as seguintes:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
05.20/425.1/480	Transferencias correntes - Cota fundacional	154.000,00
05.20/425.1/481	Subvencións correntes	34.500,00
Total achega Deputación		188.500,00



O importe previsto para transferencias correntes librarase por trimestres vencidos en función do gasto acreditado no período inmediatamente anterior na contía correspondente á achega provincial por este concepto.

4º.- A execución do orzamento da FAEPAC adaptarase ao establecido nos seus Estatutos e nas bases de execución do seu orzamento. En todo caso, deberá adaptarse ao réxime xurídico, orzamentario e contable, de control económico-financeiro e patrimonial establecido para as fundacións do sector público, sen prexuízo da súa suxeición ao disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5º.- Para dar cumprimento ao establecido no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público a FAEPAC alcanzará o seu orzamento e os datos de aprobación da súa liquidación e da súa conta xeral para que estes documentos sexan incorporados ao orzamento provincial e á liquidación e á conta xeral da deputación, en tempo e forma para a súa adecuada tramitación.

6º.- Para poder elaborar a información prevista na normativa de estabilidade orzamentaria, a FAEPAC deberá enviarlle á Deputación a documentación necesaria na forma e prazos establecidos e coa antelación suficiente para a elaboración dos estados, informes e avaliacións que procedan sobre os datos consolidados da deputación provincial e a FAEPAC.

7º.- As funcións de fiscalización de gastos e ingresos, as tarefas de contabilidade, a elaboración dos informes preceptivos en materia económico-financeiro e as demais que integran a función interventora na FAEPAC serán exercidas polo Viceinterventor, por delegación expresa do Interventor, nos termos establecidos na normativa reguladora das entidades locais e das fundacións públicas..

8º.- En todo caso, con carácter previo á tramitación de convenios colectivos ou acordos negociados co persoal laboral calquera que sexa o seu réxime contractual remitiranse as propostas ao Pleno da Corporación que, á vista dos informes preceptivos, adoptará o acordo oportuno.

O Presidente,

Valentín González Formoso

(asinado dixitalmente)